

# **Información básica**

**Departamento de Lingua castelá e Literatura**

**Materia: Lingua castelá e Literatura**

**Curso 2017-18**

**I.E.S. Ramón Caamaño**

**Muxía**

# 1º ESO

## OBXECTIVOS

-Comprender textos orais e escritos de diferente tipo e pertencentes a diversos ámbitos, interpretándoos e valorando a súa expresión:

- a) Interpretar correctamente os textos, identificando o tema, as ideas principais e secundarias.
- b) Extraer a información de diferentes fontes de comunicación oral e escrita, en papel ou dixital, interpretala de forma crítica e empregala para aprender de forma activa.
- c) Elaborar esquemas, mapas conceptuais, resumos e comentarios de diferentes tipos de textos.
- d) Identificar os elementos básicos da comunicación.
- e) Identificar os tipos de textos segundo a forma do discurso, a intención do emisor, o ámbito de uso e o tema, e explicar os seus rasgos principais.
- f) Recoñecer textos narrativos (distinguindo as secuencias descritivas e dialogadas no seu interior), descritivos, dialogados, expositivos, argumentativos e instrutivos, así como a súa estrutura e os elementos que caracterizan a cada un deles.
- g) Valorar a adecuación dos textos, a súa corrección, coherencia e cohesión, identificando algúns conectores.
- h) Comprender e interpretar a información transmitida nas noticias, recoñecendo a súa estrutura e valorando a súa linguaxe específica, así como coñecer a existencia doutros xéneros xornalísticos.
- i) Recoñecer e explicar os elementos dos textos de Internet.

-Expresarse oralmente e por escrito con corrección, propiedade e adecuación ás circunstancias de comunicación:

- a) Comunicarse oralmente en ambientes diversos de forma clara, adecuando o discurso ao contexto, con coherencia e cohesión, tendo en conta tamén os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe, e respectando as normas de cortesía.
- b) Producir textos escritos en diversos soportes con adecuación, coherencia, cohesión e corrección ortográfica, gramatical e léxica, valorando a importancia da escritura.
- c) Elaborar, oralmente e por escrito, textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados con utilización consciente dos seus elementos característicos.

-Reflexionar sobre os mecanismos da lingua castelá nos planos textual, léxico-semántico, morfolóxico e sintáctico:

- a) Utilizar os coñecementos da lingua para afrontar problemas de comprensión e expresión oral e escrita.
- b) Manexar o dicionario e outras fontes impresas e dixitais para resolver dúbidas sobre a linguaxe e enriquecer o vocabulario.
- c) Distinguir o significado das palabras dependendo do contexto no que se utilizan, e identificar e empregar conceptos relacionados co significado das palabras: sentido literal e figurado, monosemia, polisemia, sinónimos, antónimos, hipónimos, hiperónimos, campo semántico e campo léxico.

- d) Recoñecer as diferentes clases de unidades lingüísticas: fonemas, monemas, palabra, sintagma, enunciado e texto.
  - e) Identificar nas palabras a raíz e os morfemas flexivos e derivativos, recoñecendo e formando palabras derivadas e compostas.
  - f) Identificar as categorías gramaticais: determinante, substantivo (recoñecendo as súas clases e o seu xénero, e formando o plural con corrección), verbo (recoñecendo a persoa, o número, o modo e o tempo de verbos regulares e irregulares, e distinguindo formas persoais e non persoais), adxectivo (clasificándoos segundo a terminación, o uso e o grao), adverbio, pronome, determinante, preposición, conxunción e interxección; empregalas para mellorar a comprensión e a creación de textos.
  - g) Recoñecer e analizar os sintagmas (nominal, preposicional, adxectivo, adverbial e verbal), explicando o seu funcionamento na oración.
  - h) Identificar e separar nas oracións o suxeito e o predicado, observando a concordancia entre ambos.
  - i) Clasificar e escribir enunciados oracionais e non oracionais.
- Identificar as linguas de España e describir algúns dos seus trazos diferenciais.
- Ler e valorar as características de diferentes textos literarios, explicando o seu contido:
- a) Recoñecer a finalidade da literatura.
  - b) Analizar e explicar as formas de expresión propias da linguaxe literaria.
  - c) Identificar os xéneros literarios narrativo, lírico e dramático.
  - d) Analizar os elementos e características das obras pertencentes ao xénero narrativo: narrador, personaxes, acción, tempo e espazo.
  - e) Recoñecer algúns dos subxéneros narrativos (novela, conto, lenda e mito) e explicar os seus tipos e as súas características.
  - f) Distinguir entre a lírica popular e culta, explicar que é un poema, realizar a súa análise métrica, establecer o esquema das rimas, diferenciando rima consoante e asoante, e recoñecer algunhas estrofas.
  - g) Explicar os elementos e a estrutura do texto teatral e os elementos da súa representación, e distinguir os principais subxéneros teatrais.
  - h) Analizar a relación entre literatura e cine.
  - i) Elaborar textos escritos de intención literaria, seguindo os modelos.
- Ler diversas obras literarias en castelán (traducidas ou orixinais), desenvolvendo un criterio lector e adquirindo progresivamente o hábito da lectura:
- a) Expoñer opinións persoais sobre as obras de lectura obrigatoria, resumindo o seu contido e explicando os seus principais aspectos.

## CONTIDOS

Nº	Título da UD	Descrición
1	A comunicación e os seus elementos. A lingua e a súa organización. A literatura	<p>B1: A comunicación e os seus elementos: emisor, mensaxe e receptor; código e canal. A mensaxe oral.</p> <p>B2: A comunicación e os seus elementos: emisor, mensaxe e receptor; código e canal. A mensaxe escrita.</p> <p>B3: Diferenza entre significado e sentido. Letras e sons. Representación dos sons. Organización da lingua. Linguaxe e lingua; linguaxe verbal e no verbal. As unidades lingüísticas. Os sons e os morfemas. Os grupos sintácticos e os enunciados.</p> <p>B4: A literatura. Características da literatura. A linguaxe literaria. A ficción literaria. A finalidade da literatura. Emprego da linguaxe literaria.</p>

2	As linguas de España. A palabra. Os morfemas. Formación de palabras. Os recursos estilísticos.	B1: As linguas de España; o castelán, o galego, o catalán e o vasco. B2: As linguas de España; o castelán, o galego, o catalán e o vasco. B3: Sentido literal e sentido figurado. As máiusculas: as súas funcións e uso. A palabra. Os morfemas. A formación de palabras: a derivación e a composición. B4: Os recursos estilísticos: fónicos, gramaticais e semánticos.
3	Os textos. O substantivo. Os determinantes. O artigo. Os temas literarios.	B1: Os textos e as súas propiedades. Os conectores. B2: Os textos e as súas propiedades. Os conectores. B3: Palabras polisémicas: monosemia e polisemia; as palabras polisémicas e o contexto. A letra b: representación do son B; a grafía b. O substantivo: clases, xénero e número. Os determinantes. O artigo. B4: Os temas literarios: temas da literatura, tópicos literarios e transmisión literaria.
4	Clases de textos. Os demostrativos, posesivos e cuantificadores. Os xéneros literarios.	B1: Clases de textos: clasificación segundo as formas do discurso e segundo a intención do emisor. B2: Clases de textos: clasificación segundo as formas do discurso e segundo a intención do emisor. B3: Palabras sinónimas: a sinonimia; as palabras sinónimas e o contexto. A letra v: representación do son B; a grafía v. Os demostrativos, os posesivos e os cuantificadores (numerais e indefinidos). B4: Os xéneros literarios: narrativo, lírico e dramático ou teatral.
5	A narración. Relativos, interrogativos e exclamativos. A interxección. A narrativa.	B1: A narración: clases, estrutura, características e constituintes. A narración oral. B2: A narración: clases, estrutura e características e constituintes. A narración escrita. B3: Palabras antónimas: a antonimia; as palabras antónimas e o contexto. A letra j: representación do son J; a grafía j. Os relativos, os interrogativos e os exclamativos. As interxeccións. B4: A narración literaria: o narrador; os personaxes e a acción.
6	A noticia. Os pronomes. O conto.	B1: A noticia: estrutura e elaboración. B2: A noticia: estrutura e elaboración. O periódico. B3: Hipónimos e hiperónimos: hiponimia e hiperonimia; emprego de hipónimos e hiperónimos. A letra g: representación dos sons G e J; a grafía g. Os pronomes: clases de pronomes (demostrativos, numerais, indefinidos, relativos, interrogativos, exclamativos, persoais). B4: O conto. Características dos contos tradicionais. As recreacións de contos. Os microrrelatos.
7	A descrición. O adxectivo. A lenda e o mito.	B1: A descrición: clases de descricións; a orde nas descricións. B2: A descrición: clases de descricións; a orde nas descricións. B3: Os campos semánticos: clases. Principios de acentuación. Clases de palabras segundo o acento. O adxectivo: características e usos. Os epítetos. Os graos dos adxectivos. B4: A lenda e o mito: a lenda, lendas populares e cultas; o mito; a mitoloxía.
8	Descrición de persoas e lugares. O verbo. A novela.	B1: A descrición de persoas e lugares. B2: A descrición de persoas e lugares. B3: Os campos léxicos. Campos léxicos e campos semánticos. Acentuación de ditongos e tritongos. O verbo: as formas verbais, o número e a persoa, o tempo e o modo. B4: A novela: características e tipos.
9	O diálogo. A conjugación verbal. A lírica.	B1: O diálogo: actitudes necesarias para entablar un diálogo. B2: O diálogo: actitudes necesarias para entablar un diálogo. O diálogo e a escritura. A transcrición de diálogos. B3: Os dicionarios: a información dos dicionarios. A acentuación dos hiatos. A conjugación verbal: conjugación, tempos verbais, verbos regulares e irregulares, verbos defectivos. B4: A lírica: a lírica popular e culta; o verso e a rima; a medida dos versos.
10	Clases de diálogo. O adverbio. As preposicións e as conxuncións. A estrofa e o poema.	B1: Clases de diálogo: o diálogo espontáneo e o planificado. B2: Clases de diálogo: o diálogo espontáneo e o planificado. B3: As palabras no dicionario: a orde alfabética. Palabras variables e invariables. O punto e a coma. O adverbio, as preposicións e as conxuncións. B4: A estrofa e o poema.
11	A descrición e o diálogo na narración. Os grupos sintácticos. O teatro	B1: A descrición e o diálogo na narración. B2: A descrición e o diálogo na narración. B3: As acepcións das palabras. Os dous puntos: regras de uso. Os grupos sintácticos: elementos do sintagma e clases de sintagmas. B4: O teatro: o xénero dramático; o texto dramático; a representación; os subxéneros teatrais.

12	A linguaxe e Internet. A oración. Suxeito e predicado. A literatura e o cine.	<p>B1: Linguaxe e internet: a linguaxe empregada en internet; usos da linguaxe escrita en internet. Oralidade, escritura e ortografía en internet.</p> <p>B2: Linguaxe e internet: a linguaxe empregada en internet; usos da linguaxe escrita en internet. Oralidade, escritura e ortografía en internet.</p> <p>B3: Os dicionarios dixitais. Ortografía e internet. O enunciado. Clases de enunciados. A oración: suxeito e predicado.</p> <p>B4: A literatura e o cine: adaptacións cinematográficas; o guión cinematográfico.</p>
----	---	--

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### *Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.*

- B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.
- B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.
- B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).
- B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.
- B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.

### *Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.*

- B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.
- B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.

### *Bloque 3. Coñecemento da lingua.*

- B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
- B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.

- B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.
- B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.
- B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado.
- B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

#### *Bloque 4. Educación literaria.*

- B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.
- B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
- B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

### **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Para obter a cualificación dos alumnos/as manexaremos fundamentalmente as actividades diarias na aula, os traballos e as probas obxectivas.
- Nas actividades na aula intégranse aqueles instrumentos que son froito da observación directa do profesor. Empregaranse non só para avaliar coñecementos, senón tamén para avaliar actitudes e hábitos de traballo que se refiren ao interese e ao esforzo con respecto á materia, ademais do civismo que mostra o alumnado tanto na súa relación coa contorna como no nivel de corrección, respecto, cortesía, compañeirismo e colaboración
- Será de especial importancia para avaliar os alumnos o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais e a orde e a claridade nos cadernos de traballo.
- Os exames utilizaranse para avaliar os contidos de Lingua castelá e Literatura e contemplarán cuestións tanto de tipo práctico como teórico. Todas as cuestións

dos exames deberán permitírnos valorar as competencias do alumnado en relación con aspectos relativos á comunicación, á literatura, á comprensión lectora e redacción de textos, á gramática, ao vocabulario e a ortografía.

- Os instrumentos de avaliación utilizados para os estándares de cada bloque son os seguintes:

Instrumentos	Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4
Observación das actividades realizadas polo alumnado na clase		X	X	X
Revisión do caderno de clase		X	X	X
Preguntas orais na aula	X		X	X
Exposicións orais, participacións en debates, entrevistas, diálogos ...	X			
Traballos individuais ou en grupo		X	X	X
Probas obxectivas escritas		X	X	X
Probas obxectivas ou traballos sobre as obras de lectura obrigatoria		X		X

–

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

De notable importancia no momento de avaliar aos alumnos será o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais así como a disposición que estes presenten á hora de aprender. Terase en conta, polo tanto, a realización dos traballos encomendados para casa, a orde e a claridade nos cadernos de traballo, a curiosidade ante a presentación dos contidos, o rendemento en clase, o feito de non incorrer nalgún tipo de comportamento contrario ás normas de convivencia, etc.

Deste xeito, avaliarase non só a adquisición duns contidos conceptuais ou unhas destrezas procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais, da maneira seguinte:

- 70%: incluírá exames e traballos sobre os contidos da materia.
- 10% incluírá os exames e traballos sobre os libros de lectura obrigatoria.
- 20%: incluírá o traballo de clase e casa, o emprego da lingua castelá, o caderno de clase e de casa e a actitude cara a materia.

En principio, realizaranse como mínimo dúas probas obxectivas por avaliación.

Dado o carácter continuo desta materia, para superala será obrigatorio aprobar a 3ª avaliación e que a media de puntuación obtida nos conceptos, procedementos e actitudes ao longo de todo o curso sexa igual ou superior a un 5.

Para os alumnos que non cumpran o establecido no paragrafo anterior, contéplase a recuperación das avaliacións ao final do curso nunha proba final de toda a materia, tendo en conta que esta proba só permitirá recuperar o 70% da nota. Para determinar se un alumno/a supera a materia en xuño haberá que sumar a isto a porcentaxe correspondente aos outros dous apartados indicados anteriormente nos criterios de cualificación e que o resultado sexa igual ou superior a 5.

En setembro examínanse aqueles alumnos que non cheguen ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados para superar a materia.

Por acordo entre os departamentos, alcanzado ao inicio do curso 2015-16 nunha CCP, na materia de Lingua castelá e Literatura, igual que en Lingua galega e Literatura, nos exames e traballos escritos penalizaranse as faltas de ortografía baixando 0,1 cada unha delas (tanto gráficas como tiles), ata un máximo de dous puntos en cada exame ou traballo.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN**

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</li> </ul>	<p>Recoñece os factores que interveñen no proceso de comunicación.</p> <p>Participa en intercambios comunicativos aplicando as regras de quenda de palabra.</p> <p>Emprega as fórmulas de cortesía en situacións de comunicación.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</li> </ul>	<p>Escoita con atención mensaxes orais e analizaas para participar na comunicación.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</li> </ul>	<p>Produce discursos orais coherentes, cohesionados e adaptados ao receptor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</li> </ul>	<p>Valora aspectos non verbais nos textos orais e emprégaos nos seus.</p> <p>Recoñece a importancia dos elementos audiovisuais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</li> </ul>	<p>É capaz de autoavaliarse para mellorar a súa expresión oral.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.</li> </ul>	<p>Realiza pequenas exposicións e narracións orais ordenando as súas ideas.</p> <p>Exprésase de maneira clara e correcta.</p> <p>Emprega materiais de apoio.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.</li> </ul>	<p>Participa nalgúns situacións comunicativas na aula: preséntase ante os seus compañeiros, participa na lectura de escenas teatrais...</p> <p>Coñece as normas de comunicación e emprégaas en calquera situación.</p>
<b>Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir</b>	



Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.</li> </ul>	<p>Localiza a idea principal e as secundarias en diferentes tipos de textos.</p> <p>Entende o contido dunha noticia e a súa estrutura.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>	<p>Comprende textos breves e sinxelos que conteñen instrucións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.</li> </ul>	<p>Entende a información de esquemas e mapas conceptuais</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</li> </ul>	<p>Sabe atopar información nos libros de texto, enciclopedias e páxinas web.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.</li> </ul>	<p>Busca en dicionarios impresos e dixitais e emprega a definición adecuada das palabras segundo o contexto.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.</li> </ul>	<p>Localiza por si mesmo libros e vídeos nas bibliotecas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.</li> </ul>	<p>Segue pautas de preparación dos contidos antes de redactar os seus traballos: esquemas...</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.</li> </ul>	<p>Elabora cartas, correos electrónicos, fragmentos breves relacionados con situacións da vida cotiá a partir das pautas aprendidas, e redacta con corrección os seus traballos escolares.</p> <p>Escribe textos con adecuación, coherencia e cohesión, sendo consciente destas propiedades dos textos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.</li> </ul>	<p>Recoñece os tipos de textos segundo a forma do discurso e a intención do emisor.</p> <p>Identifica os textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos, argumentativos e instrutivos, os seus compoñentes e as súas principais características.</p> <p>Imita textos modelo para escribir textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e dialogados, engadindo os elementos que considera necesarios.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.</li> </ul>	<p>Subliña as ideas principais e secundarias dun texto e ordénasas xerarquicamente.</p> <p>Relaciona os elementos visuais co sentido dos textos.</p>
<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</li> </ul>	<p>Identifica as diferentes categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.</p> <p>Revisa os seus textos, identifica erros de concordancia entre as palabras, corríxeos e escribe os textos correctamente.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</li> </ul>	<p>Coñece as normas ortográficas básicas relativas á acentuación, grafías (b/v, g/j...) e puntuación.</p> <p>Identifica erros gramaticais en textos propios e alleos, corríxeos e escribe os textos correctamente.</p> <p>Recoñece as unidades lingüísticas: fonemas, monemas, palabra, sintagma, enunciado e texto.</p> <p>Identifica os constituintes das palabras (raíz, morfemas flexivos e derivativos), recoñece os procedementos de derivación e composición e emprégao para crear novas palabras.</p> <p>Identifica a agrupación de palabras en sintagmas (nominal, preposicional, adxectivo, adverbial e verbal), analizaos e prodúceos.</p> <p>Identifica e separa nas oracións o suxeito do predicado.</p>

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.</li> </ul>	<p>Coñece a conjugación regular do verbo, utilizando correctamente os tempos e os modos, e distinguindo as formas persoais e non persoais.</p> <p>Distingue entre verbos regulares e irregulares.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.</li> </ul>	<p>Consulta os dicionarios, en papel ou formato dixital, para mellorar e enriquecer a súa expresión escrita.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.</li> </ul>	<p>Identifica os conectores e algúns dos principais mecanismos cohesión.</p> <p>Escribe un texto, utilizando correctamente los conectores textuais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</li> </ul>	<p>Deduce e expón a intencionalidade dun texto xustificando a súa resposta.</p> <p>Recoñece as modalidades do enunciado.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	<p>Emprega o castelán, o galego e outras linguas sen prexuízos culturais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.</li> </ul>	<p>Coñece a existencia das diversas linguas de España e localízalas nun mapa.</p> <p>Entende que a diversidade lingüística do seu entorno é patrimonio cultural.</p> <p>Valora por igual as producións en castelán e en galego.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>	<p>Identifica similitudes e diferenzas morfolóxicas e sintácticas entre o castelán e o galego.</p> <p>Emprega os seus coñecementos sobre o léxico (sentido literal e figurado, monosemia, polisemia, sinónimos, antónimos, hipónimos, hiperónimos, campo semántico e léxico...) para mellorar os seus textos escritos e a comprensión.</p>
<b>Bloque 4. Educación literaria</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</li> </ul>	<p>Manifesta explicitamente a comprensión de obras literarias respondendo a preguntas concretas de forma lóxica.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.</li> </ul>	<p>Relaciona a finalidade das obras literarias cos seus gustos e intereses e os dos seus compañeiros.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</li> </ul>	<p>Escenifica pequenos fragmentos dramáticos pronunciando adecuadamente.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	<p>Escribe textos inventados empregando a linguaxe cunha intención estética.</p> <p>Ten consciencia das características propias da literatura e da súa finalidade.</p> <p>Coñece, explica e emprega algunhas das formas de expresión propias da linguaxe literaria.</p> <p>Identifica e emprega os elementos e características propios do xénero narrativo: narrador, personaxes, acción, tempo e espazo; é capaz de distinguir algúns subxéneros narrativos.</p> <p>Analiza a métrica dos poemas e o esquema das rimas, e emprega o coñecemento en pequenas producións propias.</p> <p>Coñece os elementos básicos do texto teatral, distingue algúns subxéneros e redacta pequenos fragmentos dramáticos.</p>

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
▪ LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	Emprega adecuadamente as estruturas básicas dos xéneros literarios para expresar as súas ideas, sentimentos ou experiencias.

## 2º ESO

### OBXECTIVOS

-Comprender textos orais e escritos de diferente tipo e pertencentes a diversos ámbitos, interpretándoos e valorando a súa expresión:

- a) Interpretar correctamente os textos, identificando o tema, as ideas principais e secundarias.
- b) Extraer a información de diferentes fontes de comunicación oral e escrita, en papel ou dixital, interpretala de forma crítica e empregala para aprender de forma activa.
- c) Elaborar esquemas, mapas conceptuais, resumos e comentarios de diferentes tipos de textos.
- d) Identificar os elementos básicos da comunicación.
- e) Recoñecer a función da linguaxe que predomina nos distintos textos.
- f) Comprender o sentido global dos textos orais, recoñecendo as características da conversación, o debate, o discurso, a conferencia e a entrevista, e tendo en conta os aspectos prosódicos e non verbais.
- g) Identificar os tipos de textos segundo a forma do discurso, a intención do emisor e o ámbito de uso, e explicar seus rasgos principais.
- h) Recoñecer textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos, argumentativos e instrutivos, así como a súa estrutura e os elementos que caracterizan a cada un deles.
- i) Valorar a adecuación dos textos, a súa corrección, coherencia e cohesión, identificando e explicando os principais mecanismos de cohesión, especialmente os conectores.
- j) Recoñecer nas mensaxes as variedades da lingua e os rexistros coloquial e formal, e valorar o seu emprego en función da intención do falante.
- k) Identificar os medios de comunicación tradicionais, principalmente o periódico; distinguir os diferentes xéneros xornalísticos, recoñecendo a súa intención comunicativa, o seu tema e a súa estrutura, especialmente das noticias, e valorando a súa linguaxe específica.
- l) Recoñecer e explicar os elementos dos textos de Internet.
- m) Interpretar o sentido dos elementos lingüísticos e icónicos das mensaxes publicitarias e explicar os mecanismos de persuasión.

-Expresarse oralmente e por escrito con corrección, propiedade e adecuación ás circunstancias de comunicación:

- a) Comunicarse oralmente en ambientes diversos de forma clara, adecuando o discurso ao contexto, con coherencia e cohesión, tendo en conta tamén os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe, e respectando as normas de cortesía.
- b) Producir textos escritos en diversos soportes con adecuación, coherencia, cohesión e corrección ortográfica, gramatical e léxica, valorando a importancia da escritura.
- c) Elaborar, oralmente e por escrito, textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados con utilización consciente dos seus elementos característicos.

-Reflexionar sobre os mecanismos da lingua castelá nos planos textual, léxico-semántico, morfolóxico e sintáctico:

- a) Utilizar os coñecementos da lingua para afrontar problemas de comprensión e expresión oral e escrita.
  - b) Manexar o dicionario e outras fontes impresas e dixitais para resolver dúbidas sobre a linguaxe e enriquecer o vocabulario.
  - c) Distinguir o significado das palabras dependendo do contexto no que se utilizan, e identificar e empregar conceptos relacionados co significado das palabras: palabras patrimoniais, préstamos, estranxeirismos, homonimia, polisemia, sinónimos, antónimos, campos semánticos, metáfora, metonimia, connotación, palabras tabú, eufemismos, locucións, frases feitas, siglas e abreviaturas.
  - d) Recoñecer as diferentes clases de unidades lingüísticas: fonemas, monemas, palabra, sintagma, enunciado e texto.
  - e) Identificar nas palabras a raíz e os morfemas flexivos e derivativos, recoñecendo e formando palabras derivadas e compostas.
  - f) Identificar as categorías gramaticais: determinante, substantivo, verbo (localizando as perífrases verbais), adxectivo, adverbio, pronome, determinante, preposición, conxunción e interxección; empregalas para mellorar a comprensión e a creación de textos.
  - g) Recoñecer e analizar os sintagmas (nominal, preposicional, adxectivo, adverbial e verbal), explicando o seu funcionamento na oración.
  - h) Identificar e separar nas oracións o suxeito e o predicado, observando a concordancia entre ambos.
  - i) Determinar a clase de suxeito, distinguindo cando é tácito e cando a oración non admite suxeito.
  - j) Identificar e explicar o funcionamento do verbo (predicativo e copulativo) na oración, o tipo de predicado (verbal ou nominal), e distinguir e analizar os modificadores verbais e os grupos de palabras que funcionan como complementos verbais (atributo, complemento directo, complemento indirecto, complemento predicativo, complemento circunstancial, complemento de réxime e complemento axente), distinguindo entre complementos argumentais e non argumentais.
  - k) Recoñecer e escribir oracións copulativas e predicativas, activas e pasivas (perifrásticas e reflexas), impersonais; reflexivas, recíprocas e seudorreflexas.
  - l) Clasificar e escribir enunciados oracionais e non oracionais, e indicar a súa modalidade, recoñecendo a expresión da obxectividade e subxectividade.
- Ler e valorar as características de diferentes textos literarios, explicando o seu contido:
- a) Identificar e explicar os temas e tópicos literarios.
  - b) Analizar e explicar as formas de expresión propias da linguaxe literaria.
  - c) Identificar os xéneros literarios narrativo, lírico e dramático.
  - d) Analizar os elementos e características das obras pertencentes ao xénero narrativo: narrador, personaxes, tempo e espazo.
  - e) Explicar que é un poema, realizar a súa análise métrica, establecer o esquema das rimas, diferenciando rima consoante e asoante, e recoñecer algunhas estrofas.
  - f) Explicar os elementos e a estrutura do texto teatral e os elementos da súa representación, e distinguir os principais subxéneros teatrais.
  - g) Analizar a relación entre literatura, música e cine.
  - h) Recoñecer as peculiaridades dos textos literarios en Internet.
  - i) Coñecer os aspectos máis destacados da literatura actual.
  - j) Elaborar textos escritos de intención literaria, seguindo os modelos.

-Ler diversas obras literarias en castelán (traducidas ou orixinais), desenvolvendo un criterio lector e adquirindo progresivamente o hábito da lectura:

- a) Expoñer opinións persoais sobre as obras de lectura obrigatoria, resumindo o seu contido e explicando os seus principais aspectos.

## CONTIDOS

Nº	Título da UD	Descrición
1	A comunicación. Funcións da linguaxe. As unidades lingüísticas. Temas e tópicos literarios.	<p>B1: A comunicación e os seus elementos. Funcións da linguaxe. Linguaxe verbal e non verbal. Signos e códigos.</p> <p>B2: A comunicación e os seus elementos. Funcións da linguaxe. Linguaxe verbal e non verbal. Signos e códigos.</p> <p>B3: O léxico do castelán: as orixes do castelán. As palabras patrimoniais. Acentuación de palabras con ditongos e tritongos. As unidades lingüísticas. A organización da lingua. As palabras. Os sintagmas. Os enunciados oracionais e non oracionais; clases de enunciados segundo a modalidade.</p> <p>B4: Temas e tópicos literarios. A literatura e a linguaxe.</p>
2	O texto. Propiedades. Clases de palabras (I). Personaxes literarios.	<p>B1: O texto: as súas propiedades (adecuación, coherencia, cohesión). A corrección nos textos.</p> <p>B2: O texto: as súas propiedades (adecuación, coherencia, cohesión). A corrección nos textos.</p> <p>B3: Préstamos e estranxeirismos. Acentuación das palabras con hiatos. Clases de palabras: substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. Locucións adverbiais e preposicionais.</p> <p>B4: Personaxes literarios: o personaxe na obra literaria; roles habituais; personaxes fantásticos; personaxes tipo no teatro.</p>
3	Os conectores. Clases de palabras (II). Xéneros literarios.	<p>B1: Os conectores ou marcadores discursivos; as súas clases. Estruturação da información.</p> <p>B2: Os conectores ou marcadores discursivos; as súas clases. Mecanismos léxicos de cohesión. Estruturação da información.</p> <p>B3: A palabra e os seus constituintes: o lexema; os morfemas flexivos e derivativos. As palabras monosílabas e o til. O til diacrítico nas palabras monosílabas. Clases de palabras: demostrativos, posesivos, cuantificadores, relativos, interrogativos e exclamativos.</p> <p>B4: Os xéneros literarios: narrativo, lírico e dramático.</p>
4	O texto oral (I). Os sintagmas (I). Elementos narrativos (I).	<p>B1: O texto oral: tipos de textos orais. A conversa. A comunicación non verbal.</p> <p>B2: O texto oral: tipos de textos orais. A conversa. A comunicación non verbal.</p> <p>B3: As palabras derivadas. Os prefixos e os sufixos. A letra <i>h</i>. Os sintagmas. Clases de sintagmas. O sintagma nominal. O sintagma verbal.</p> <p>B4: Os elementos narrativos. O narrador: o narrador externo; o narrador interno; o narrador múltiple. Narracións en segunda persoa.</p>
	O texto oral (II). Os sintagmas (II). Elementos narrativos (II).	<p>B1: O texto oral: o debate, o discurso, a conferencia, a entrevista.</p> <p>B2: O texto oral: o debate, o discurso, a conferencia, a entrevista.</p> <p>B3: As palabras compostas. Compostos de raíces gregas ou latinas. Homófonos con <i>h</i> ou sen <i>h</i>. Os sintagmas: o sintagma adxectivo; o sintagma adverbial; o sintagma preposicional.</p> <p>B4: Os elementos narrativos. Os personaxes dos textos narrativos. O tempo da narración. O espazo da narración.</p>
6	Clases de textos (I). Suxeito e predicado. O verso.	<p>B1: Clases de textos segundo a forma do discurso: narrativo, descritivo, dialogado, expositivo, argumentativo.</p> <p>B2: Clases de textos segundo a forma do discurso: narrativo, descritivo, dialogado, expositivo, argumentativo.</p> <p>B3: O significado das palabras: a polisemia; a homonimia. Homófonos con <i>b</i> e <i>v</i>. Os constituintes da oración: suxeito e predicado. Concordancia entre suxeito e predicado. O suxeito: clases de suxeito. O predicado: o predicado nominal.</p> <p>B4: O verso: a medida; as licencias métricas; a rima.</p>

7	Clases de textos (II). Complementos do predicado (I). Estrofas e poemas.	B1: Clases de textos segundo a intención do emisor: informativo, persuasivo, prescriptivo, literario. B2: Clases de textos segundo a intención do emisor: informativo, persuasivo, prescriptivo, literario. B3: As relacións semánticas: sinónimos e antónimos. Os campos semánticos. O // e o y. Os complementos do predicado: o complemento directo; o complemento indirecto.. B4: Estrofas e poemas: a estrofa; o poema estrófico e non estrófico.
8	Clases de textos (III). Complementos do predicado (II). Elementos teatrais.	B1: Clases de textos segundo o ámbito de uso: persoal, social, laboral, académico. B2: Clases de textos segundo o ámbito de uso: persoal, social, laboral, académico. B3: A creación de significados: a metáfora e a metonimia. A letra x. Complementos do predicado: o atributo; o complemento predicativo. B4: Elementos teatrais: o texto teatral; a representación teatral.
9	Os medios de comunicación. Complementos do predicado (III). Literatura e música.	B1: Os medios de comunicación: características e funcións. Os medios de comunicación tradicionais: prensa, radio e televisión. Internet e os medios de comunicación dixitais. B2: Os medios de comunicación: características e funcións. Os medios de comunicación tradicionais: prensa, radio e televisión. Internet e os medios de comunicación dixitais. A prensa dixital. B3: A connotación. As palabras tabú e os eufemismos. Os signos de puntuación: os signos de interrogación e exclamación. Os complementos do predicado: o complemento circunstancial e o complemento de réxime. B4: Literatura e música: linguaxe literaria e música; relacións entre literatura e música.
10	O periódico. Clases de oracións (I). Literatura e cine.	B1: As noticias. B2: O xornal: textos informativos, de opinión e de entretemento. A organización da información no xornal. A estrutura das noticias. B3: As palabras no dicionario: o significado; outras informacións do dicionario. Os signos de puntuación: uso do guión ao final de liña. Clases de oracións: copulativas e predicativas; a voz activa e a voz pasiva, oracións activas e pasivas, oracións pasivas reflexas. Literatura e cine: o guión cinematográfico; a adaptación cinematográfica.
11	A publicidade. Clases de oracións (II). Literatura e Internet.	B1: A publicidade: a mensaxe publicitaria; o eslogan publicitario; a linguaxe publicitaria. B2: A publicidade: a mensaxe publicitaria; o eslogan publicitario; a linguaxe publicitaria. B3: Locucións e frases feitas. Os signos de puntuación: a raia. Clases de oracións: oracións impersoais; oracións transitivas e intransitivas; oracións con verbo pronominal: oracións reflexivas, recíprocas e seudorreflexas. B4: Literatura e Internet: os textos literarios en Internet; a publicación de textos en Internet; novas formas de literatura; as redes sociais e os blogs literarios.
12	Os textos en Internet. Análise da oración simple. A literatura na actualidade.	B1: Os textos en Internet: o hipertexto; os recursos da rede. B2: Os textos en Internet: o hipertexto; ler e escribir en Internet; os recursos da rede. B3: Siglas e abreviaturas. Signos de puntuación: os parénteses. A análise da oración simple. B4: A literatura na actualidade: os supervendas; os subxéneros novelísticos actuais; a literatura xuvenil; escritores e redes sociais.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### *Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar*

- B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
- B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.
- B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.
- B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.

- B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.

### *Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir*

- B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.
- B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.
- B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.

### *Bloque 3. Coñecemento da lingua*

- B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
- B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.
- B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.
- B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.
- B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.
- B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.
- B3.7. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.
- B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

### *Bloque 4. Educación literaria*

- B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.



- B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.
- B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
- B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para obter a cualificación dos alumnos/as manexaremos fundamentalmente as actividades diarias na aula, os traballos e as probas obxectivas.

Nas actividades na aula intégranse aqueles instrumentos que son froito da observación directa do profesor. Empregaranse non só para avaliar coñecementos, senón tamén para avaliar actitudes e hábitos de traballo que se refiren ao interese e ao esforzo con respecto á materia, ademais do civismo que mostra o alumnado tanto na súa relación coa contorna como no nivel de corrección, respecto, cortesía, compañeirismo e colaboración

Será de especial importancia para avaliar os alumnos o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais e a orde e a claridade nos cadernos de traballo.

Os exames utilizaranse para avaliar os contidos de Lingua castelá e Literatura e contemplarán cuestións tanto de tipo práctico como teórico. Todas as cuestións dos exames deberán permitírnos valorar as competencias do alumnado en relación con aspectos relativos á comunicación, á literatura, á comprensión lectora e redacción de textos, á gramática, ao vocabulario e a ortografía.

Os instrumentos de avaliación utilizados para os estándares de cada bloque son os seguintes:

Instrumentos	Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4
Observación das actividades realizadas polo alumnado na clase		X	X	X
Revisión do caderno de clase		X	X	X
Preguntas orais na aula	X		X	X
Exposicións orais, participacións en debates, entrevistas, diálogos ...	X			
Traballos individuais ou en grupo		X	X	X
Probas obxectivas escritas		X	X	X

Probas obxectivas ou traballos sobre as obras de lectura obrigatoria		X		X
--	--	---	--	---

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

De notable importancia no momento de avaliar aos alumnos será o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais así como a disposición que estes presenten á hora de aprender. Terase en conta, polo tanto, a realización dos traballos encomendados para casa, a orde e a claridade nos cadernos de traballo, a curiosidade ante a presentación dos contidos, o rendemento en clase, o feito de non incorrer nalgún tipo de comportamento contrario ás normas de convivencia, etc.

Deste xeito, avaliarase non só a adquisición duns contidos conceptuais ou unhas destrezas procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais, da maneira seguinte:

- 70%: incluírá exames e traballos sobre os contidos da materia.
- 10% incluírá os exames e traballos sobre os libros de lectura obrigatoria.
- 20%: incluírá o traballo de clase e casa, o emprego da lingua castelá, o caderno de clase e de casa e a actitude cara a materia.

En principio, realizaranse como mínimo dúas probas obxectivas por avaliación.

Dado o carácter continuo desta materia, para superala será obrigatorio aprobar a 3ª avaliación e que a media de puntuación obtida nos conceptos, procedementos e actitudes ao longo de todo o curso sexa igual ou superior a un 5.

Para os alumnos que non cumpran o establecido no paragrafo anterior, contéplase a recuperación das avaliacións ao final do curso nunha proba final de toda a materia, tendo en conta que esta proba só permitirá recuperar o 70% da nota. Para determinar se un alumno/a supera a materia en xuño haberá que sumar a isto a porcentaxe correspondente aos outros dous apartados indicados anteriormente nos criterios de cualificación e que o resultado sexa igual ou superior a 5.

En setembro examínanse aqueles alumnos que non cheguen ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis para superar a materia.

Por acordo entre os departamentos, alcanzado ao inicio do curso 2015-16 nunha CCP, na materia de Lingua castelá e Literatura, igual que en Lingua galega e Literatura, nos exames e traballos escritos penalízanse as faltas de ortografía baixando 0,1 cada unha delas (tanto gráficas como tiles), ata un máximo de dous puntos en cada exame ou traballo.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>	
LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.	Recoñece as características e pon exemplos dos diferentes tipos de textos orais. Enumera as diferenzas entre textos orais e escritos. Identifica e explica brevemente os elementos do acto comunicativo. Recoñece a función da linguaxe que predomina nos textos. Identifica as modalidades dos enunciados.
LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Comprende o contido dun texto oral e o explica. Localiza a información principal de textos procedentes dos medios de comunicación.
LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.	Entende textos instrutivos orais sinxelos.
LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	Identifica os textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos orais. Explica que tipo de texto é unha conversación e recoñece a súa estrutura.
LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Distingue a información principal da accesoria.
LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	Emprega con axuda do profesor dicionarios en formato papel ou dixital.
LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	Identifica a idea principal de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos orais. Emprega o vocabulario e as estruturas lingüísticas axeitadas na súa expresión oral.
LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	Recoñece nun debate ou noutro intercambio comunicativo oral se as normas de cortesía se respectan.
LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	Produce discursos orais coherentes, cohesionados e adaptados ao receptor. Realiza pequenas narracións e exposicións orais.
LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	Valora aspectos non verbais nos textos orais e emprégao nos seus. Recoñece a importancia dos elementos audiovisuais na publicidade.
LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	É capaz de autoavaliarse para mellorar a súa expresión oral.
LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.	Realiza pequenas exposicións orais.
LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	Distingue entre textos orais espontáneos e planificados.
LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	Recoñece os rexistros da lingua e sabe empregar os trazos lingüísticos do rexistro formal. Incorpora progresivamente nas súas intervencións un vocabulario amplo, culto e preciso.

LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	Pronuncia de xeito claro e comprensible, cunha velocidade e entoación apropiadas á finalidade da intervención.
LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.	É claro no intercambio de opinións nun debate.
LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.	Participa en intercambios comunicativos orais respectando as normas de cortesía.
<b>Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir</b>	
LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.	Recoñece os diferentes tipos de texto segundo a forma do discurso, a intención do emisor e o ámbito de uso. Identifica a función da linguaxe que predomina nos textos. Identifica as modalidades dos enunciados.
LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpórasas ao seu repertorio léxico.	Deduce polo contexto o significado das palabras de nivel formal empregadas nun texto-
LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon a en relación co contexto.	Nos textos narrativos, deduce informacións sinxelas a partir dos datos presentes no texto.
LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.	Indica as ideas principais e secundarias en diferentes tipos de texto.
LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	Emprega os seus coñecementos sobre semántica (palabras patrimoniais, préstamos, estranxeirismos, homonimia, polisemia, sinónimos, antónimos, campos semánticos, connotación...) para anticipar o sentido dos textos.
LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.	Localiza a información explícita dun texto. Relaciona a información explícita do texto coa implícita para explicar detalles do contido. Identifica os medios de comunicación tradicionais, diferenciando os xéneros informativos dos de opinión. Analiza o contido, a estrutura e a forma das noticias.
LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.	Deduce a información que transmiten as imaxes dos anuncios publicitarios.
LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	Busca información en Internet sobre diferentes aspectos dos temas estudados.
LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	Localiza por si mesmo libros e vídeos nas bibliotecas físicas e dixitais.
LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.	Realiza esquemas para establecer a estrutura dos seus textos. Realiza fichas coa información principal dos textos.
LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Escribe textos con adecuación, coherencia e cohesión, identificando e sendo capaz de explicar os principais mecanismos de cohesión empregados. Mantén a corrección ortográfica, gramatical e léxica nos textos escritos.
LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.	Elabora cartas, correos electrónicos, fragmentos breves relacionados con situacións da vida cotiá a partir das pautas aprendidas, e redacta con corrección os seus traballos escolares.
LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.	Identifica a tipoloxía textual (textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos, argumentativos e instrutivos). Recoñece as características dos textos narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e instrutivos, e escribe producións propias seguindo o modelo.

LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	Redacta esquemas, discriminando correctamente as ideas principais das ideas secundarias.
<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>	
LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	Identifica as diferentes categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e intexcección). Revisa os seus escritos, identifica erros de concordancia entre as palabras, corríxeos e escribe os textos correctamente.
LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	Coñece as normas ortográficas básicas relativas á acentuación, graffas (h, b/v, ll/y, x,...) e puntuación. Identifica erros gramaticais en textos propios e alleos, corríxeos e escribe os textos correctamente. Recoñece as unidades lingüísticas: fonemas, monemas, palabra, sintagma, enunciado e texto. Identifica os constituíntes das palabras (raíz, morfemas flexivos e derivativos), recoñece os procedementos de derivación e composición e emprégaos para crear novas palabras. Identifica a agrupación de palabras en sintagmas (nominal, preposicional, adxectivo, adverbial e verbal), analizaos e produceos. Identifica e separa nas oracións o suxeito (deducindo os suxeitos tácitos e recoñecendo cando a oración non pode levar suxeito) do predicado, e produce oracións tendo en conta a concordancia entre ambos. Distingue e analiza os grupos de palabras que funcionan como complementos verbais (complemento directo, complemento indirecto, atributo, complemento predicativo, complemento circunstancial, complemento de réxime e complemento axente) e crea oracións nas que aparecen. Recoñece e escribe oracións copulativas e predicativas; activas e pasivas; impersonais; transitivas e intransitivas. Coñece a existencia de oracións reflexivas, recíprocas e seudorreflexas.
LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	Coñece a conjugación de verbos regulares e irregulares, utilizando correctamente os tempos e os modos. Identifica e emprega as perífrases verbais. Identifica e explica o funcionamento do verbo (predicativo e copulativo) na oración e o tipo de predicado (verbal ou nominal).
LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.	Recoñece e emprega correctamente palabras con distintos significados.
LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	Identifica sinónimos e antónimos dunha palabra.
LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	Identifica o uso metafórico e metonímico das palabras.
LCLB3.4.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo.	Identifica palabras dunha oración o dun texto que habitualmente se consideran tabú, e localiza os eufemismos.
LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.	Identifica os conectores e os principais mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión.
LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais.	Recoñece os tempos e modos verbais e entende con que intención se empregan.
LCLB3.7.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Emprega o castelán, o galego e outras linguas sen prexuízos culturais.
LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.	Valora as producións en galego e en castelán.

LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Identifica similitudes e diferenzas morfolóxicas e sintácticas entre o castelán e o galego.
<b>Bloque 4. Educación literaria</b>	
LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	Manifesta explicitamente a comprensión de obras literarias respondendo a preguntas concretas de forma lóxica.
LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	Relaciona aspectos concretos das obras literarias coa música e o cine.
LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	Recoñece algúns dos principais tópicos literarios. Recoñece e diferencia tipos de personaxes e identifica os xéneros nos que aparecen
LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	Expresa o seu interese coa literatura a través de intercambios orais cos seus compañeiros.
LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	Ler en voz alta con expresividade adecuada ao texto.
LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	Escribe pequenos textos literarios inventados empregando a linguaxe cunha intención estética. Coñece, explica e emprega as formas de expresión propias da linguaxe literaria. Identifica e emprega os elementos e características das obras pertencentes ao xénero narrativo: narrador, personaxes, acción, tempo e espazo. Analiza a métrica dos poemas e o esquema das rimas, e emprega o coñecemento en producións propias. Coñece os elementos e a estrutura do texto teatral e os elementos da súa representación, e redacta pequenos fragmentos dramáticos.
LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	Emprega adecuadamente as estruturas básicas dos xéneros literarios para expresar as súas ideas, sentimentos ou experiencias.

## **ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Realizaranse tres probas de avaliación da aprendizaxe do alumnado que teña pendente materia de cursos anteriores ao longo do curso. Ademais, haberá outra extraordinaria no mes de setembro. A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumnado que teña materias pendentes será responsabilidade da persoa que exerza a xefatura do departamento.

De tódolos xeitos, para facilitar ao alumnado coa materia pendente a superación da mesma proporáselle un plan de traballo supervisado cunha periodicidade fixa polo profesor responsable da materia no curso de referencia. A presentación deste traballo e a realización correcta de, ao menos, un 80% das actividades terase en conta para a cualificación final.

## 3º ESO

### OBXECTIVOS

-Comprender textos orais e escritos de diferente tipo e pertencentes a diversos ámbitos, interpretándoos e valorando a súa expresión:

- a) Interpretar correctamente os textos, identificando o tema, as ideas principais e secundarias e a intención comunicativa.
- b) Extraer a información de diferentes fontes de comunicación oral e escrita, en papel ou dixital, interpretala de forma crítica e empregala para aprender de forma activa.
- c) Elaborar esquemas, mapas conceptuais, resumos e comentarios de diferentes tipos de textos.
- d) Identificar e clasificar os textos segundo a súa tipoloxía tendo en conta diferentes criterios (a forma do discurso, a intención comunicativa, a canle de transmisión, o rexistro e o tema)
- e) Recoñecer textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados, así como a súa estrutura e os elementos que caracterizan a cada un deles.
- f) Valorar a adecuación dos textos, a súa corrección, coherencia e cohesión, identificando e explicando os principais mecanismos de cohesión.
- g) Recoñecer nas mensaxes as variedades da lingua e os rexistros coloquial e formal, e valorar o seu emprego en función da intención do falante.
- h) Distinguir os diferentes xéneros xornalísticos, identificando a súa intención comunicativa, o seu tema e a súa estrutura, especialmente das noticias, e valorando a súa linguaxe específica.
- i) Recoñecer e explicar os elementos dos textos de Internet.
- j) Interpretar o sentido dos elementos lingüísticos e icónicos das mensaxes publicitarias e explicar os mecanismos de persuasión.

-Expresarse oralmente e por escrito con corrección, propiedade e adecuación ás circunstancias de comunicación:

- a) Comunicarse oralmente en ambientes diversos de forma clara, adecuando o discurso ao contexto, con coherencia e cohesión, tendo en conta tamén os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe, e respectando as normas de cortesía.
- b) Producir textos escritos en distintos soportes con adecuación, coherencia, cohesión e corrección ortográfica, gramatical e léxica, valorando a importancia da escritura.
- c) Elaborar, oralmente e por escrito, textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados con utilización consciente dos seus elementos característicos.

-Reflexionar sobre os mecanismos da lingua castelá nos planos textual, léxico-semántico, morfolóxico e sintáctico:

- a) Utilizar os coñecementos da lingua para afrontar problemas de comprensión e expresión oral e escrita.
- b) Distinguir o significado das palabras dependendo do contexto no que se utilizan, e identificar e empregar conceptos relacionados co significado das palabras: sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia, hiperonimia, sentido literal e figurado, denotación, connotación, cambio semántico, palabras patrimoniais,

cultismos, dobles, estranxeirismos, locucións, frases feitas, abreviaturas, siglas, acurtamentos, acrónimos e tecnicismos.

- c) Recoñecer as diferentes clases de unidades lingüísticas: fonemas, monemas, palabra, sintagma, enunciado (oracional e non oracional) e texto.
- d) Coñecer e explicar a formación de palabras novas mediante derivación, parasíntese e composición, identificando os compoñentes morfolóxicos das palabras.
- e) Identificar as categorías gramaticais: determinante, substantivo, verbo (localizando as perífrases verbais), adxectivo, adverbio, pronome, determinante, preposición, conxunción e interxección; empregalas para mellorar a comprensión e a creación de textos.
- f) Recoñecer e analizar os sintagmas (nominal, preposicional, adxectivo, adverbial e verbal), explicando o seu funcionamento na oración.
- g) Identificar e separar nas oracións o suxeito e o predicado, observando a concordancia entre ambos, así como localizar os complementos oracionais.
- h) Determinar a clase de suxeito, distinguindo cando é tácito e cando a oración non admite suxeito.
- i) Identificar e explicar o funcionamento do verbo (predicativo, copulativo e semicopulativo) na oración, o tipo de predicado (verbal ou nominal), e distinguir e analizar os modificadores verbais e os grupos de palabras que funcionan como complementos verbais (atributo, complemento directo, complemento indirecto, complemento predicativo, complemento circunstancial, complemento de réxime e complemento axente), distinguindo entre complementos argumentais e non argumentais.
- j) Recoñecer e escribir oracións predicativas e copulativas; activas e pasivas (perifrásticas e reflexas); impersonais; transitivas e intransitivas; reflexivas, recíprocas e seudorreflexas.
- k) Clasificar as oracións segundo a súa modalidade, identificando a actitude do emisor e recoñecendo a expresión da obxectividade e subxectividade.
- l) Diferenciar entre a oración simple e composta.

-Identificar as linguas de España, coñecer a súa orixe e describir algúns dos seus trazos diferenciais.

-Distinguir as peculiaridades que caracterizan os textos literarios en diferentes épocas da literatura castelá.

- a) Recoñecer e explicar as características dos movementos literarios desde a Idade Media ata o Barroco, así como dos xéneros literarios característicos de cada período e da obra dos principais autores.
- b) Ler e comprender fragmentos de textos da prosa, a lírica e o teatro representativos dos diversos movementos literarios, explicando as súas características, identificando os recursos estilísticos, analizando a métrica e recoñecendo as estrofas no caso da lírica; poñelos en relación coa obra do seu autor e o movemento literario ao que pertencen.
- c) Recoñecer os principais tópicos literarios.
- d) Relacionar as obras literarias co contexto histórico e con outras manifestacións artísticas.
- e) Elaborar textos escritos de intención literaria, seguindo os modelos.

-Ler diferentes obras literarias en castelán (traducidas ou orixinais), desenvolvendo un criterio lector e adquirindo progresivamente o hábito da lectura:

- a) Expoñer opinións persoais sobre as obras de lectura obrigatoria, resumindo o seu contido e explicando os seus principais aspectos.



# CONTIDOS

Nº	Título da UD	Descrición
1	O texto. Clases de textos. Unidades lingüísticas e funcións sintácticas. A Idade Media. A poesía medieval (I)	<p>B1: O texto: clases de textos segundo a canle de transmisión, o rexistro, o tema e a organización do contido. O texto oral.</p> <p>B2: O texto: clases de textos segundo a canle de transmisión, o rexistro, o tema e a organización do contido. O texto escrito e o seu soporte.</p> <p>B3: Os dicionarios: clases. A acentuación diacrítica. Unidades lingüísticas e funcións sintácticas: palabras e grupos sintácticos (compoñentes e clases); as funcións sintácticas (suxeito e predicado); os enunciados, as oracións e as súas clases.</p> <p>B4: A Idade Media. A poesía medieval (I): contexto histórico e social. Pensamento e cultura na Idade Media. Cantares de xesta. A lírica popular; os romances.</p>
2	A cohesión textual. Clases de sintagmas. O sintagma nominal. A poesía medieval (II)	<p>B1: A cohesión textual: mecanismos léxicos e gramaticais de cohesión. Os conectores textuais.</p> <p>B2: A cohesión textual: mecanismos léxicos e gramaticais de cohesión. Os conectores textuais.</p> <p>B3: Formación de palabras: a derivación e a composición. A acentuación diacrítica. Clases de sintagmas, o sintagma nominal: compoñentes e funcións.</p> <p>B4: A poesía medieval (II). O mester de Clerecía: Gonzalo de Berceo; o arcepreste de Hita. A lírica culta do século XV: Jorge Manrique.</p>
3	A narración. Clases de sintagmas. O sintagma verbal. A prosa medieval.	<p>B1: A narración; o narrador; os personaxes; a acción.</p> <p>B2: A narración; o narrador; os personaxes; a acción.</p> <p>B3: Relacións semánticas: sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia, hiperonimia. Uso das maiúsculas (I). Clases de sintagmas, o sintagma verbal: o núcleo verbal; as perífrases verbais. Os complementos do verbo.</p> <p>B4: A prosa medieval: as coleccións de contos medievais. Don Juan Manuel e a estrutura do conde Lucanor. A prosa de pensamento.</p>
4	A descrición e o diálogo. Clases de sintagmas. SAdx, SAdv e SPrep. O teatro medieval. A <i>Celestina</i> .	<p>B1: A descrición: tipos. O diálogo: tipos.</p> <p>B2: A descrición: tipos. O diálogo: tipos. O diálogo literario.</p> <p>B3: Sentido literal e sentido figurado. Uso das maiúsculas (II)</p> <p>Clases de sintagmas:  O sintagma adxectivo: compoñentes e funcións.  O sintagma adverbial: compoñentes e funcións.  O sintagma preposicional: compoñentes e funcións.</p> <p>B4: O teatro medieval. A <i>Celestina</i>.</p>
5	A exposición. A oración. Suxeito e predicado. O Renacemento. A poesía renacentista (I).	<p>B1: A exposición: características, estrutura e linguaxe dos textos expositivos; tipos de textos expositivos.</p> <p>B2: A exposición: características, estrutura e linguaxe dos textos expositivos; tipos de textos expositivos.</p> <p>B3: Denotación e connotación. Homófonos con h e sen h. A oración: o suxeito: tipos de suxeito; o predicado: tipos de predicado; a concordancia entre o suxeito e o verbo. Os complementos oracionais.</p> <p>B4: O Renacemento. A poesía renacentista (I). O século XVI: contexto histórico e social. A cultura renacentista. Características da poesía renacentista. Garcilaso de la Vega.</p>
6	A argumentación. Complementos do predicado (I). A poesía renacentista (II).	<p>B1: A argumentación: elementos, estrutura e linguaxe dos textos argumentativos; tipos de textos argumentativos.</p> <p>B2: A argumentación: elementos, estrutura e linguaxe dos textos argumentativos; tipos de textos argumentativos.</p> <p>B3: O cambio semántico: cambios de significado. Homófonos con b e con v. Complementos do predicado (I): o atributo; o complemento predicativo.</p> <p>B4: A poesía renacentista (II). Frei Luís de León. Mística e ascética: santa Teresa de Xesús e san Xoán da Cruz.</p>

7	Os medios de comunicación. Complementos do predicado (II). A prosa renacentista. O <i>Lazarillo</i> .	<p>B1: Os medios de comunicación: os medios de comunicación na nosa sociedade; o xornalismo e as súas funcións; elementos da comunicación dos medios; os medios de comunicación e a linguaxe.</p> <p>B2: Os medios de comunicación: os medios de comunicación na nosa sociedade; o xornalismo e as súas funcións; elementos da comunicación dos medios; os medios de comunicación e a linguaxe.</p> <p>B3: Palabras de orixe latina; palabras patrimoniais e cultismos. Parónimos con <i>ll</i> e <i>con</i> e. Complementos do predicado (II): o complemento directo; o complemento indirecto; o complemento axente.</p> <p>B4: A prosa renacentista: a prosa do pensamento; a novela renacentista; a novela picaresca e o <i>Lazarillo</i>.</p>
8	O texto xornalístico. Complementos do predicado (III). O Barroco. A poesía barroca.	<p>B2: O texto xornalístico; a linguaxe e o texto xornalístico; os xéneros xornalísticos; a organización e o deseño do xornal.</p> <p>B3: Os estranxeirismos. Ortografía dos estranxeirismos. Complementos do predicado (III): o complemento de réxime; o complemento circunstancial.</p> <p>B4: O Barroco. A poesía barroca. O século XVII: contexto histórico e social. A cultura barroca. Características da poesía barroca. Lope de Vega; Luís de Góngora; Francisco de Quevedo.</p>
9	A comunicación en Internet. Clases de oracións simples (I). A prosa barroca.	<p>B1: A comunicación en Internet: modalidades de comunicación en internet.</p> <p>B2: A comunicación en Internet; os elementos da comunicación en internet; o texto na web; características do texto web; modalidades de comunicación en internet.</p> <p>B3: Unidades léxicas complexas; locucións; frases feitas. Signos de puntuación (I): signos que indican final de enunciado. Clases de oracións simples (I): oracións predicativas e copulativas; oracións activas e oracións pasivas; oracións impersonais; oracións transitivas e intransitivas.</p> <p>B4: A prosa barroca. Prosa didáctica e de ficción. Francisco de Quevedo; Baltasar Gracián.</p>
10	A publicidade. Clases de oracións simples (II). Cervantes e o <i>Quixote</i> .	<p>B1: A publicidade: funcións da publicidade; elementos da comunicación publicitaria; procedementos da publicidade, linguaxe publicitaria.</p> <p>B2: A publicidade: funcións da publicidade; elementos da comunicación publicitaria; procedementos da publicidade, linguaxe publicitaria.</p> <p>B3: As abreviacións léxicas (I): abreviaturas; siglas. Signos de puntuación (II); a coma; o punto e coma. Clases de oracións simples (II): oracións reflexivas; oracións recíprocas. Modalidade oracional.</p> <p>B4: Miguel de Cervantes; o <i>Quixote</i>.</p>
11	Variedades sociais e de rexistro. A oración composta. O teatro do século XVI	<p>B1: As variedades da lingua: variedades sociais; variedades de rexistros ou estilos.</p> <p>B2: As variedades da lingua: variedades sociais; variedades de rexistros ou estilos.</p> <p>B3: As abreviacións léxicas (II): acurtamentos; acrónimos. Signos de puntuación (III): os dous puntos; as comiñas. A oración composta: oracións coordinadas; oracións xustapostas.</p> <p>B4: O teatro do século XVI: do teatro medieval ao renacentista; o teatro breve; o teatro de Cervantes.</p>
12	As linguas de España. Oracións subordinadas. O teatro barroco.	<p>B1: As linguas de España; orixes da diversidade lingüística.</p> <p>B2: As linguas de España; orixes da diversidade lingüística.</p> <p>B3: Os tecnicismos: neoloxismos e acepcións técnicas. A norma ortográfica e a tecnoloxía. A oración composta: as oracións subordinadas (substantivas; adxectivas; adverbiais).</p> <p>B5: O teatro barroco: a revolución teatral barroca; Lope de Vega; Calderón de la Barca.</p>

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

- B1.1. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
- B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.
- B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e

alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).

- B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.
- B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.

### *Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir*

- B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.
- B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando en todo momento as opinións das demais persoas.
- B2.4. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.
- B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- B2.6. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.
- B2.7. Valorar a importancia da escritura como ferramenta de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.

### *Bloque 3. Coñecemento da lingua*

- B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos usos da lingua.
- B3.2. Recoñecer e analizar a estrutura das palabras pertencentes ás diversas categorías gramaticais, distinguindo as flexivas das non flexivas.
- B3.3. Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbiais dentro do marco da oración simple.
- B3.4. Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración simple.
- B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.
- B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.
- B3.7. Interpretar adecuadamente os discursos orais e escritos tendo en conta os elementos lingüísticos, as relacións gramaticais e léxicas, a estrutura e a disposición dos contidos en función da intención comunicativa.

- B3.8. Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.
- B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

#### *Bloque 4. Educación literaria*

- B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura.
- B4.2. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, contribuíndo á formación da personalidade literaria.
- B4.3. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e relacionando obras literarias, musicais e arquitectónicas, e personaxes, temas, etc. de todas as épocas.
- B4.4. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
- B4.5. Comprender textos literarios representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro recoñecendo a intención do/da autor/a, relacionando o seu contido e a súa forma cos contextos socioculturais e literarios da época, identificando o tema, recoñecendo a evolución dalgúns tópicos e formas literarias, e expresando esa relación con xuízos persoais razoados.
- B4.6. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
- B4.7. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas, para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para obter a cualificación dos alumnos/as manexaremos fundamentalmente as actividades diarias na aula, os traballos e as probas obxectivas.

Nas actividades na aula intégranse aqueles instrumentos que son froito da observación directa do profesor. Empregaranse non só para avaliar coñecementos, senón tamén para avaliar actitudes e hábitos de traballo que se refiren ao interese e ao esforzo con respecto á materia, ademais do civismo que mostra o alumnado tanto na súa relación coa contorna como no nivel de corrección, respecto, cortesía, compañeirismo e colaboración

Será de especial importancia para avaliar os alumnos o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais e a orde e a claridade nos cadernos de traballo.

Os exames utilizaranse para avaliar os contidos de Lingua castelá e Literatura e contemplarán cuestións tanto de tipo práctico como teórico. Todas as cuestións dos exames deberán permitírnos valorar as competencias do alumnado en relación con aspectos relativos á comunicación, á literatura, á comprensión lectora e redacción de textos, á gramática, ao vocabulario e a ortografía.

Os instrumentos de avaliación utilizados para os estándares de cada bloque son os seguintes:

Instrumentos	Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4
Observación das actividades realizadas polo alumnado na clase		X	X	X
Preguntas orais na aula	X		X	X
Exposicións orais, participacións en debates, entrevistas, diálogos ...	X			
Traballos individuais ou en grupo		X	X	X
Probas obxectivas escritas		X	X	X
Probas obxectivas ou traballos sobre as obras de lectura obrigatoria		X		X

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

De notable importancia no momento de avaliar aos alumnos será o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais así como a disposición que estes presenten á hora de aprender. Terase en conta, polo tanto, a realización dos traballos encomendados para casa, a orden e a claridade nos cadernos de traballo, a curiosidade ante a presentación dos contidos, o rendemento en clase, o feito de non incorrer nalgún tipo de comportamento contrario ás normas de convivencia, etc.

Deste xeito, avaliarase non só a adquisición duns contidos conceptuais ou unhas destrezas procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais, da maneira seguinte:

- 80% : incluírá exames e traballos sobre os contidos da materia.
- 10%: incluírá os exames e traballos sobre os libros de lectura obrigatoria.
- 10%: incluírá o traballo de clase e casa, a participación, o emprego da lingua castelá e a actitude cara a materia.

En principio, realizaranse como mínimo dúas probas obxectivas por avaliación.

Dado o carácter continuo desta materia, para superala será obrigatorio aprobar a 3ª avaliación e, ao menos, unha das avaliacións anteriores e que a media de puntuación obtida nos conceptos, procedementos e actitudes ao longo de todo o curso sexa igual ou superior a un 5.

Para os alumnos que non cumpran o establecido no paragrafo anterior, contéplase a recuperación das avaliacións ao final do curso nunha proba final de toda a materia, tendo en conta que esta proba só permitirá recuperar o 80% da nota. Para determinar se un alumno/a supera a materia en xuño haberá que sumar a isto a porcentaxe correspondente aos outros dous apartados indicados anteriormente nos criterios de cualificación e que o resultado sexa igual ou superior a 5.

En setembro examínanse aqueles alumnos que non cheguen ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis para superar a materia.

Por acordo entre os departamentos, alcanzado ao inicio do curso 2015-16 nunha CCP, na materia de Lingua castelá e Literatura, igual que en Lingua galega e Literatura, nos exames e traballos escritos penalízanse as faltas de ortografía baixando 0,1 cada unha delas (tanto gráficas como tiles), ata un máximo de dous puntos en cada exame ou traballo.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN**

Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.</li> </ul>	Realiza hipóteses e xuízos valorativos sobre elementos non verbais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.2. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión.</li> </ul>	Distingue en que textos periodísticos orais predomina a información e en que textos predomina a opinión. Recoñece os recursos propios das mensaxes publicitarias e o seu emprego para a persuasión.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.3. Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais e integrándoas con claridade en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.</li> </ul>	Identifica as principais ideas de textos orais. Emprega o vocabulario e as estruturas lingüísticas axeitadas na súa expresión oral.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.</li> </ul>	Realiza hipóteses e xuízos valorativos sobre elementos non verbais.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.2. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.</li> </ul>	<p>Coñece os aspectos básicos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos, e aplicaos ás súas intervencións orais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.1. Escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información salientable, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.</li> </ul>	<p>Escoita e comprende textos orais identificando o contido, as persoas que interveñen e a intención comunicativa.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</li> </ul>	<p>Produce discursos orais coherentes, cohesionados e adaptados ao receptor.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</li> </ul>	<p>Valora aspectos non verbais nos textos orais e emprégaos nos seus. Recoñece a importancia dos elementos audiovisuais na publicidade.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.</li> </ul>	<p>Ordena as súas ideas nas presentacións orais. Exprésase de maneira clara e correcta. Emprega materiais de apoio.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.2. Organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<p>Ordena xerarquicamente as ideas e os exemplos antes das súas presentacións orais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.</li> </ul>	<p>Recoñece os trazos lingüísticos dos rexistros da lingua e emprega os propios do rexistro formal. Incorpora progresivamente nas súas intervencións un vocabulario amplo, culto e preciso.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.</li> </ul>	<p>Pronuncia de xeito claro e comprensible, cunha velocidade e entoación apropiadas á finalidade da intervención.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.5. Avalía, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas.</li> </ul>	<p>Recoñece a claridade e orde das ideas, a corrección na pronuncia e o emprego de elementos non verbais nas exposicións alleas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.6.1. Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas.</li> </ul>	<p>Participa en intercambios comunicativos escolares aplicando as regras de quenda de palabra. Emprega as fórmulas de cortesía en situacións de comunicación.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.6.2. Avalía as intervencións propias e alleas.</li> </ul>	<p>Recoñece a claridade e orde das ideas, a corrección na pronuncia e o emprego de elementos non verbais nos intercambios orais alleos.</p>
<b>Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.</li> </ul>	<p>Recoñece os diferentes tipos de textos segundo a canle de transmisión, o rexistro empregado, o tema, a modalidade textual e a intención comunicativa. Identifica as modalidades dos enunciados.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.</li> </ul>	<p>Emprega os seus coñecementos sobre semántica (sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia, hiperonimia, sentido literal e figurado, denotación e connotación, cambio semántico, palabras patrimoniais, cultismos, dobretes, estranxeirismos, locucións, frases feitas...) para anticipar o sentido de textos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.3. Avalía o seu proceso de comprensión de lectura usando fichas sinxelas de autoavaliación.</li> </ul>	<p>Recoñece as súas dificultades na comprensión lectora.</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, educativo ou escolar, e social (medios de comunicación), identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado.</li> </ul>	<p>Identifica e clasifica os textos escritos segundo a súa tipoloxía, mediante diferentes criterios, tendo en conta o ámbito ao que se refiren, a canle de transmisión, o rexistro, o tema e a organización das ideas.</p> <p>Recoñece os principais trazos dos textos procedentes dos medios de comunicación, especialmente dos textos periodísticos, diferenciando entre información e opinión; distingue os xéneros periodísticos e analiza o contido e a estrutura da noticia.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.</li> </ul>	<p>Recoñece e analiza a estrutura e os trazos lingüísticos dun texto identificando a tipoloxía textual (textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados).</p> <p>Recoñece e explica as ideas principais e secundarias dun texto; identifica o tema, o destinatario e o propósito do texto.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.</li> </ul>	<p>Distingue as posturas de acordo e desacordo nun texto, analizaas e expón a súa propia opinión sobre os diferentes aspectos tratados no texto.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.</li> </ul>	<p>Responde preguntas sobre un texto interpretando o significado do mesmo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.</li> </ul>	<p>Mostra unha actitude aberta ante as opinións doutras persoas e contrastaas coas súas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</li> </ul>	<p>Busca información na biblioteca e en Internet sobre diferentes aspectos dos temas estudados.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<p>Rele os seus textos para comprobar a súa coherencia e cohesión, identificando e sendo capaz de explicar os principais mecanismos de cohesión empregados.</p> <p>Revisa os textos (puntuación, ortografía, gramática e presentación) e corríxeos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.5.2. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita e axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída.</li> </ul>	<p>Redacta e reescribe textos adecuados ao contexto comunicativo, mellorando a produción escrita.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.6.1. Escribe textos argumentativos con diferente organización secuencial, incorporando diversos tipos de argumento, imitando textos modelo.</li> </ul>	<p>Coñece as características dos textos argumentativos e escribe textos imitando modelos, engadindo os elementos que considera convenientes ou necesarios.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións.</li> </ul>	<p>Recoñece os conectores textuais e emprégao nos textos argumentativos e expositivos.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido.</li> </ul>	<p>Resume textos, globalizando a información.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.</li> </ul>	<p>Crea textos das diferentes modalidades.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.</li> </ul>	<p>Recoñece os trazos lingüísticos dos rexistros da lingua e emprega os propios do rexistro formal.</p> <p>Incorpora progresivamente nos seus escritos un vocabulario amplo, culto e preciso.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura.</li> </ul>	<p>Aprecia a creatividade nos textos que le e incorpóraa ás súas producións escritas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.</li> </ul>	<p>Busca en Internet, coñece e utiliza ferramentas das TIC; le escritos alleos e escribe os seus propios, valorando a importancia da escritura como ferramenta de aprendizaxe e como estímulo persoal.</p>
<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>	



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</li> </ul>	<p>Identifica as diversas categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección).</p> <p>Revisa os seus escritos, identifica erros de concordancia entre as palabras, corríxeos e escribe os textos correctamente.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</li> </ul>	<p>Coñece as normas ortográficas relativas á acentuación, uso de maiúsculas, grafías (h, b/v, ll/y...) e puntuación.</p> <p>Identifica erros gramaticais en textos propios e alleos, corríxeos e escribe os textos correctamente.</p> <p>Recoñece as unidades lingüísticas: fonemas, monemas, palabra, sintagma, enunciado e texto.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.2.1. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos), e aplica este coñecemento á mellora da comprensión de textos escritos e ao enriquecemento do seu vocabulario activo.</li> </ul>	<p>Identifica os constituíntes das palabras (raíz, morfemas flexivos e derivativos).</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.2.2. Explica os procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.</li> </ul>	<p>Recoñece os procedementos de derivación, composición e parasíntese.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.3.1. Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto de palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración simple.</li> </ul>	<p>Identifica os diferentes tipos de sintagmas (nominal, adxectival, preposicional, adverbial e verbal) e analiza os seus compoñentes.</p> <p>Recoñece as funcións dos sintagmas dentro da oración simple.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.3.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.</li> </ul>	<p>Identifica os verbos predicativos, copulativos e semicopulativos, e distingue entre predicado verbal e nominal.</p> <p>Diferenza e clasifica as perífrases verbais.</p> <p>Recoñece e analiza os complementos do predicado (atributo, complemento directo, complemento indirecto, complemento axente, complemento predicativo e complemento circunstancial).</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor.</li> </ul>	<p>Diferencia entre enunciados oracionais e non oracionais.</p> <p>Identifica o suxeito das oracións (deducindo os suxeitos tácitos e recoñecendo cando a oración non admite suxeito), o predicado e os complementos oracionais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos do suxeito (axente, paciente e causa).</li> </ul>	<p>Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, se admiten o cambio; identifícaaas e analizaas.</p> <p>Recoñece os distintos tipos de suxeito segundo a súa relación de significado co verbo: axente, paciente e causativo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.4.3. Amplía oracións nun texto usando diferentes grupos de palabras, utilizando os nexos adecuados e creando oracións novas con sentido completo.</li> </ul>	<p>Escribe e amplía oracións, utilizando os nexos adecuados e creando oracións novas con sentido completo, en función das condicións dadas.</p> <p>Recoñece e escribe oracións copulativas e predicativas; activas e pasivas; impersoais; transitivas e intransitivas; reflexivas, recíprocas e seudorreflexas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.</li> </ul>	<p>Identifica os diferentes tipos de conectores textuais e recoñece e explica outros mecanismos de cohesión.</p> <p>Escribe un texto cohesionado, utilizando correctamente os conectores textuais e demais mecanismos de cohesión.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.6.1. Identifica e usa en textos orais ou escritos as formas lingüísticas que fan referencia ao emisor e ao receptor ou á audiencia (persoa gramatical, uso de pronomes, suxeito axente ou paciente, oracións impersoais, etc.).</li> </ul>	<p>Deduce e expón a intencionalidade dun texto, xustificando a súa resposta.</p> <p>Recoñece as modalidades do enunciado e identifica algúns dos procedementos empregados para expresalas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos.</li> </ul>	<p>Observa nos textos a relación entre as ideas, tendo en conta a intención comunicativa.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos.</li> </ul>	<p>Recoñece a estrutura e os recursos lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e dialogados.</p> <p>Aplica os seus coñecementos á produción de textos.</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.8.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos, recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.</li> </ul>	Localiza nun mapa as linguas de España, recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.8.2. Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España.</li> </ul>	É consciente da existencia de variedades do castelán.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	Emprega o castelán, o galego e outras linguas sen prexuízos culturais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>	Identifica similitudes e diferenzas morfolóxicas e sintácticas entre o castelán e o galego.
<b>Bloque 4. Educación literaria</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.</li> </ul>	Le obras de literatura; resume o seu contido, reflexiona sobre diferentes aspectos do texto e explicaos realizando unha valoración.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.</li> </ul>	Desenvolve a súa sensibilidade artística e literaria como fonte de formación e enriquecemento cultural.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.3.1. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.</li> </ul>	Observa o tratamento dun mesmo tema en diferentes obras literarias tendo en conta o contexto histórico e cultural.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.4.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.</li> </ul>	Expresa o seu interese pola literatura a través de intercambios orais cos seus compañeiros.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.4.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polo alumnado, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.</li> </ul>	Traballa de forma grupal para identificar o tema e as ideas principais das obras lidas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.5.1. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</li> </ul>	Le fragmentos de textos da narrativa, a lírica e o teatro desde a Idade Media ao Barroco, identificando o tema e resumindo o contido. Aplica os seus coñecementos sobre a linguaxe e os recursos literarios ás lecturas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.5.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.</li> </ul>	Recoñece e analiza en textos literarios, desde a Idade Media ao Barroco, as características principais das correntes literarias, dos xéneros literarios característicos de cada período e da obra dos principais autores. Identifica e explica razoadamente temas e tópicos na literatura.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.6.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	Escribe textos inventados empregando a linguaxe cunha intención estética. Identifica os xéneros literarios e as características básicas de cada un, e emprégaa nos seus textos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.6.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</li> </ul>	Emprega adecuadamente as estruturas básicas dos xéneros literarios para expresar as súas ideas, sentimentos ou experiencias.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.7.1. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.</li> </ul>	Realiza traballos académicos aportando conclusións e puntos de vista persoais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.</li> </ul>	Realiza traballos académicos utilizando recursos variados das TIC e consultando en Internet.

## **ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Realizaranse tres probas de avaliación da aprendizaxe do alumnado que teña pendente materia de cursos anteriores ao longo do curso. Ademais, haberá outra extraordinaria no mes de setembro. A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumnado que teña materias pendentes será responsabilidade da persoa que exerza a xefatura do departamento.

De tódolos xeitos, para facilitar ao alumnado coa materia pendente a superación da mesma proporáselle un plan de traballo supervisado cunha periodicidade fixa polo profesor responsable da materia no curso de referencia. A presentación deste traballo e a realización correcta de, ao menos, un 80% das actividades terase en conta para a cualificación final.

## 4º ESO

### OBXECTIVOS

-Comprender textos orais e escritos de diferente tipo e pertencentes a diversos ámbitos, interpretándoos e valorando a súa expresión:

- a) Interpretar correctamente os textos, identificando o tema, as ideas principais e secundarias e a intención comunicativa.
- b) Extraer a información de diferentes fontes de comunicación oral e escrita, en papel ou dixital, interpretala de forma crítica e empregala para aprender de forma activa.
- c) Elaborar esquemas, mapas conceptuais, resumos e comentarios de diferentes tipos de textos.
- d) Recoñecer textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados, así como a súa estrutura e os elementos que caracterizan a cada un deles.
- e) Valorar a adecuación dos textos, a súa corrección, coherencia e cohesión, identificando e explicando os principais mecanismos de cohesión.
- f) Distinguir os diferentes xéneros xornalísticos, identificando a súa intención comunicativa, o seu tema e a súa estrutura, especialmente das noticias, e valorando a súa linguaxe específica.
- g) Interpretar o sentido dos elementos lingüísticos e icónicos das mensaxes publicitarias e explicar os mecanismos de persuasión.

-Expresarse oralmente e por escrito con corrección, propiedade e adecuación ás circunstancias de comunicación:

- a) Comunicarse oralmente en ambientes diversos de forma clara, adecuando o discurso ao contexto, con coherencia e cohesión, tendo en conta tamén os aspectos prosódicos e non verbais da linguaxe, e respectando as normas de cortesía.
- b) Producir textos escritos en distintos soportes con adecuación, coherencia, cohesión e corrección ortográfica, gramatical e léxica, valorando a importancia da escritura.
- c) Elaborar, oralmente e por escrito, textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados con utilización consciente dos seus elementos característicos.

-Reflexionar sobre os mecanismos da lingua castelá nos planos textual, léxico-semántico, morfolóxico e sintáctico:

- a) Utilizar os coñecementos da lingua para afrontar problemas de comprensión e expresión oral e escrita.
- b) Distinguir o significado das palabras dependendo do contexto no que se utilizan, e identificar e empregar conceptos relacionados co significado das palabras: latinismos, dobretes, arcaísmos, neoloxismos, locucións, frases feitas, homonimia, polisemia, sinonimia, antonimia, hiperonimia, hiponimia, significados denotativos e connotativos, estereotipos, metáforas, metonimias, palabras tabú e eufemismos.
- c) Recoñecer as diferentes clases de unidades lingüísticas: fonemas, monemas, palabra, sintagma, enunciado e texto.

- d) Coñecer e explicar a formación de palabras novas mediante derivación, parasíntese e composición, identificando os compoñentes morfolóxicos das palabras.
- e) Identificar as categorías gramaticais (determinante, substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronome, determinante, preposición, conxunción e interxección), e analizar os sintagmas (nominal, preposicional, adxectivo, adverbial e verbal) dentro do marco das oracións simples e compostas.
- f) Recoñecer e explicar os constituíntes da oración simple, como paso previo para a análise da oración composta: suxeito, predicado (nominal e verbal) e complementos oracionais; identificar os modificadores verbais e os complementos verbais (atributo, complemento directo, complemento indirecto, complemento predicativo, complemento circunstancial, complemento de réxime e complemento axente), distinguindo entre complementos argumentais e non argumentais.
- g) Recoñecer e escribir oracións activas e pasivas; impersonais; copulativas e predicativas; transitivas e intransitivas; reflexivas, recíprocas e seudorreflexas.
- h) Clasificar as oracións segundo a súa modalidade, identificando a actitude do emisor e recoñecendo a expresión da obxectividade e subxectividade.
- i) Recoñecer, construír e analizar as oracións compostas por xustaposición, coordinación e subordinación, clasificando os distintos tipos de oracións coordinadas e subordinadas (substantivas, adxectivas e adverbiais).
- Distinguir as peculiaridades que caracterizan os textos literarios en diferentes épocas da literatura castelá.
- a) Recoñecer e explicar as características dos movementos literarios dende o século XVIII ata a actualidade, así como dos xéneros literarios característicos de cada período e da obra dos principais autores.
- b) Ler e comprender fragmentos de textos da prosa, a lírica e o teatro representativos dos diversos movementos literarios, explicando as súas características, identificando os recursos estilísticos, analizando a métrica e recoñecendo as estrofas no caso da lírica; poñelos en relación coa obra do seu autor e o movemento literario ao que pertencen.
- c) Recoñecer a supervivencia de temas universais ao longo dos diversos períodos.
- d) Relacionar as obras literarias co contexto histórico e con outras manifestacións artísticas.
- e) Elaborar textos escritos de intención literaria, seguindo os modelos.
- Ler diferentes obras literarias en castelán (traducidas ou orixinais), desenvolvendo un criterio lector e adquirindo progresivamente o hábito da lectura:
- a) Expoñer opinións persoais sobre as obras de lectura obrigatoria, resumindo o seu contido e explicando os seus principais aspectos.

## CONTIDOS

Nº	Título da UD	Descrición
1	O texto e as súas propiedades. Clases de palabras. A Ilustración.	<p>B1: O texto e as súas propiedades: características, propiedades (adecuación, coherencia, cohesión, corrección).</p> <p>B2: O texto e as súas propiedades: características, propiedades (adecuación, coherencia, cohesión, corrección).</p> <p>B3: O léxico do castelán: léxico herdado, léxico ampliado. As maiúsculas. Clases de palabras: substantivos, verbos, adxectivos, adverbios, pronomes, determinantes, preposicións, conxuncións, interxeccións. Outras clases de palabras: demostrativos, posesivos, numerais, indefinidos, relativos, interrogativos, exclamativos.</p> <p>B4: A ilustración: o Neoclasicismo; o ensaio; a prosa de ficción; o teatro.</p>

2	Creación e comprensión do texto. Clases de sintagmas. O Romanticismo.	<p>B1: Comprensión, interpretación e valoración dos textos orais.</p> <p>B2: Creación do texto (situación comunicativa, proceso de escritura, elaboración do texto) e interpretación. A edición profesional de textos.</p> <p>B3: Palabras de orixe latino: palabras patrimoniais, cultismos, dobles. Signos de puntuación: a coma, o punto e coma. Clases de sintagmas: o sintagma nominal, o sintagma verbal, o sintagma adxectivo, o sintagma adverbial e o sintagma preposicional.</p> <p>B4: O Romanticismo: a prosa, a lírica, o teatro.</p>
3	Os textos narrativos. Complementos do verbo. O Realismo.	<p>B1: Os textos narrativos: elementos, estrutura, características lingüísticas.</p> <p>B2: Os textos narrativos: elementos, estrutura, características lingüísticas. O estilo indirecto libre.</p> <p>B3: A renovación do léxico: arcaísmos; neoloxismos. Signos de puntuación: os dous puntos; as comiñas. Complementos do verbo: atributo, complemento predicativo, complemento directo, complemento indirecto, complemento de réxime, complemento circunstancial, complemento axente.</p> <p>B4: O Realismo: o Realismo en España (Prerrealismo, Realismo, Naturalismo); Galdós; "Clarín".</p>
4	Os textos descritivos. As oracións. O Modernismo e a xeración do 98.	<p>B1: Os textos descritivos: clasificación segundo a intención do emisor, a situación da realidade descrita e a selección dos trazos. Organización dos textos descritivos. Recursos lingüísticos. O retrato. A caricatura.</p> <p>B2: Os textos descritivos: clasificación segundo a intención do emisor, a situación da realidade descrita e a selección dos rasgos. Organización dos textos descritivos. Recursos lingüísticos. O retrato. A caricatura.</p> <p>B3: Formación de palabras con prefixos: a prefixación; tipos de prefixos. Signos de puntuación: puntuación de incisos con coma, raia e paréntese. As oracións: o suxeito; o predicado; concordancia entre o suxeito e o verbo; os complementos oracionais.</p> <p>B4: O Modernismo e a xeración do 98: contexto histórico. O Modernismo: a poesía modernista. A xeración do 98. Antonio Machado.</p>
5	Os textos instrutivos. Clases de oracións. Novecentismo e vangardas.	<p>B1: Os textos instrutivos: características; estrutura; ordenación das instrucións; trazos lingüísticos. Os textos normativos. Os tutoriais.</p> <p>B2: Os textos instrutivos: características; estrutura; ordenación das instrucións; trazos lingüísticos. Os textos normativos. Os tutoriais.</p> <p>B3: Formación de palabras con sufixos: a sufixación; tipos de sufixos. Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos. Clases de oracións: oracións activas e pasivas; oracións impersonais; oracións predicativas e copulativas; oracións transitivas e intransitivas; oracións reflexivas e recíprocas. A modalidade oracional.</p> <p>B4: O Novecentismo: a prosa. As vangardas. Juan Ramón Jiménez.</p>
6	Os textos expositivos. A oración composta. A xeración do 27.	<p>B1: Os textos expositivos: características; clases; organización do contido; recursos expositivos; trazos lingüísticos. As presentacións dixitais.</p> <p>B2: Os textos expositivos: características; clases; organización do contido; recursos expositivos; trazos lingüísticos. As presentacións dixitais.</p> <p>B3: Locucións e frases feitas. Acentuación diacrítica: o til diacrítico nos monosílabos; o til en interrogativos, exclamativos e relativos. A oración composta: os enlaces; a coordinación; a xustaposición; a subordinación.</p> <p>B4: A xeración do 27: Salinas; Guillén; Cernuda; Aleixandre; Gerardo Diego; Alberti; Lorca.</p>
7	Os textos argumentativos. Oracións coordinadas e xustapostas. A poesía de posguerra.	<p>B1: Os textos argumentativos: características; contido; clases de argumentos segundo a súa función, a súa finalidade e o seu contido; trazos lingüísticos.</p> <p>B2: Os textos argumentativos: características; contido; clases de argumentos segundo a súa función, a súa finalidade e o seu contido; trazos lingüísticos. O ensaio.</p> <p>B3: Polisemia e homonimia. Acentuación das palabras compostas. Oracións compostas por coordinación: oracións coordinadas copulativas, oracións coordinadas disxuntivas; oracións coordinadas adversativas. Oracións compostas por xustaposición.</p> <p>B4: A poesía de posguerra: o franquismo; a poesía durante o franquismo; os anos corenta e cincuenta (a poesía arraigada e desarraigada; a poesía social); a xeración dos cincuenta; os Novísimos.</p>

8	Os textos dialogados. A subordinación substantiva. A novela de posguerra.	<p>B1: Os textos dialogados: clases; a conversa; o debate; trazos lingüísticos; trazos paralingüísticos.</p> <p>B2: Os textos dialogados: clases; a conversa; o debate; trazos lingüísticos; trazos paralingüísticos.</p> <p>B3: Sinonimia e antonimia. Acentuación de secuencias dunha ou máis palabras: <i>porqué, porque, por qué, por que</i>. A subordinación substantiva: características das oracións substantivas; clases de oracións substantivas; funcións das oracións substantivas.</p> <p>B4: A novela de posguerra: a novela dos anos corenta; a novela social dos anos cincuenta; a novela experimental dos anos sesenta.</p>
9	Os xéneros periodísticos (I). A subordinación adxectiva. O teatro de posguerra.	<p>B1: Os xéneros periodísticos: características dos textos periodísticos; clases de textos periodístico; a noticia; a reportaxe; a crónica.</p> <p>B2: Os xéneros periodísticos: características dos textos periodísticos; clases de textos periodístico; a noticia; a reportaxe; a crónica. A infografía.</p> <p>B3: Hiperonimia e hiponimia. Acentuación de secuencias dunha ou máis palabras: homofonía entre palabras e grupos de palabras. A subordinación adxectiva: características das oracións subordinadas adxectivas; clases de oracións subordinadas adxectivas.</p> <p>B4: O teatro de posguerra: o teatro humorístico; o teatro social; o teatro experimental.</p>
10	Os xéneros periodísticos (II). A subordinación adverbial (I). A novela actual.	<p>B1: Os xéneros periodísticos: a opinión nos textos periodísticos orais.</p> <p>B2: Os xéneros periodísticos de opinión: o editorial, o artigo de opinión; a crítica. O humor na opinión periodística.</p> <p>B3: Significado denotativo e connotativo. Os estereotipos. Ortografía das formas verbais. A subordinación adverbial: oracións adverbiais de lugar, de tempo, de modo, causais e finais.</p> <p>B4: A novela actual: contexto histórico; a novela española actual; tendencias da narrativa actual; novelistas actuais.</p>
11	A publicidade. A subordinación adverbial (II). A poesía e o teatro actuais.	<p>B1: A publicidade: clases; recursos da comunicación publicitaria; a linguaxe da publicidade; a mensaxe publicitaria. A evolución da publicidade.</p> <p>B2: A publicidade: clases; recursos da comunicación publicitaria; a linguaxe da publicidade; a mensaxe publicitaria. A evolución da publicidade.</p> <p>B3: Creación de novos significados: o cambio semántico; a metáfora e a metonimia. As grafías <i>b, v, g e j</i>. A subordinación adverbial: oracións adverbiais condicionais, concesivas, consecutivas e comparativas.</p> <p>B4: A poesía española actual; poetas destacados. O teatro español actual; dramaturgos destacados.</p>
12	Textos e ámbitos de uso. Análise sintáctica da oración composta. A literatura hispanoamericana do século XX.	<p>B1: Ámbitos de uso e tipos de textos. Ámbitos de uso e características dos textos.</p> <p>B2: Ámbitos de uso e tipos de textos. O correo persoal. A reclamación. O currículo. Ámbitos de uso e características dos textos.</p> <p>B3: A valoración das palabras: palabras tabú; eufemismos. As grafías <i>ll, y, x e h</i>. Análise sintáctica da oración composta.</p> <p>B4: A literatura hispanoamericana do século XX: contexto histórico e cultural; a poesía; a narrativa.</p>

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar

- B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
- B1.3. Comprender o sentido global e a intención de textos orais.
- B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, ollada, etc.).
- B1.5. Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.

- B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.
- B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.
- B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.

*Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir*

- B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos
- B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.
- B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.
- B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.
- B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.
- B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.

*Bloque 3. Coñecemento da lingua*

- B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.
- B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
- B3.3. Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufixos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego.
- B3.4. Identificar os niveis de significado de palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito onde aparecen.
- B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.
- B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión



- progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
- B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas.
  - B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
  - B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento.
  - B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
  - B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

#### *Bloque 4. Educación literaria*

- B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.
- B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.
- B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
- B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.
- B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
- B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.

## **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Para obter a cualificación dos alumnos/as manexaremos fundamentalmente as actividades diarias na aula, os traballos e as probas obxectivas.

Nas actividades na aula intégranse aqueles instrumentos que son froito da observación directa do profesor. Empregaranse non só para avaliar coñecementos, senón tamén para avaliar actitudes e hábitos de traballo que se refiren ao interese e ao esforzo con respecto á materia, ademais do civismo que mostra o alumnado tanto na súa relación coa contorna como no nivel de corrección, respecto, cortesía, compañeirismo e colaboración

Será de especial importancia para avaliar os alumnos o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais e a orde e a claridade nos cadernos de traballo.

Os exames utilizaranse para avaliar os contidos de Lingua castelá e Literatura e contemplarán cuestións tanto de tipo práctico como teórico. Todas as cuestións dos exames deberán permitírnos valorar as competencias do alumnado en relación con aspectos relativos á comunicación, á literatura, á comprensión lectora e redacción de textos, á gramática, ao vocabulario e a ortografía.

Os instrumentos de avaliación utilizados para os estándares de cada bloque son os seguintes:

Instrumentos	Bloque 1	Bloque 2	Bloque 3	Bloque 4
Observación das actividades realizadas polo alumnado na clase		X	X	X
Preguntas orais na aula	X		X	X
Exposicións orais, participacións en debates, entrevistas, diálogos ...	X			
Traballos individuais ou en grupo		X	X	X
Probas obxectivas escritas		X	X	X
Probas obxectivas ou traballos sobre as obras de lectura obrigatoria		X		X

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

De notable importancia no momento de avaliar aos alumnos será o emprego da lingua castelá nas súas intervencións orais así como a disposición que estes presenten á hora de aprender. Terase en conta, polo tanto, a realización dos traballos encomendados para casa, a orden e a claridade nos cadernos de traballo, a curiosidade ante a presentación dos contidos, o rendemento en clase, o feito de non incorrer nalgún tipo de comportamento contrario ás normas de convivencia, etc.

Deste xeito, avaliarase non só a adquisición duns contidos conceptuais ou unhas destrezas procedimentais, senón tamén os contidos actitudinais, da maneira seguinte:

- 80% : incluírá exames e traballos sobre os contidos da materia.
- 10% : incluírá os exames e traballos sobre os libros de lectura obrigatoria.

- 10%: incluirá o traballo de clase e casa, a participación, o emprego da lingua castelá e a actitude cara a materia.

En principio, realizaranse como mínimo dúas probas obxectivas por avaliación.

Dado o carácter continuo desta materia, para superala será obrigatorio aprobar a 3ª avaliación e, ao menos, unha das avaliacións anteriores e que a media de puntuación obtida nos conceptos, procedementos e actitudes ao longo de todo o curso sexa igual ou superior a un 5.

Para os alumnos que non cumpran o establecido no paragrafo anterior, contéplase a recuperación das avaliacións ao final do curso nunha proba final de toda a materia, tendo en conta que esta proba só permitirá recuperar o 80% da nota. Para determinar se un alumno/a supera a materia en xuño haberá que sumar a isto a porcentaxe correspondente aos outros dous apartados indicados anteriormente nos criterios de cualificación e que o resultado sexa igual ou superior a 5.

En setembro examinaranse aqueles alumnos que non cheguen ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliados para superar a materia.

Por acordo entre os departamentos, alcanzado ao inicio do curso 2015-16 nunha CCP, na materia de Lingua castelá e Literatura, igual que en Lingua galega e Literatura, nos exames e traballos escritos penalizaranse as faltas de ortografía baixando 0,1 cada unha delas (tanto gráficas como tiles), ata un máximo de dous puntos en cada exame ou traballo.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN**

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar</b>	
LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	Recoñece as características e pon exemplos dos diferentes tipos de textos orais. Enumera as diferenzas entre textos orais e escritos. Recoñece a función da linguaxe que predomina nos textos. Identifica as modalidades dos enunciados
LCLB1.1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	Realiza hipóteses e xuízos valorativos sobre elementos non verbais
LCLB1.1.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Distingue a información principal da accesoria.
LCLB1.1.4. Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto.	Recoñece a estrutura da conversación e do debate.
LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.	Distingue en que textos periodísticos orais predomina a información e en que textos predomina a opinión. Recoñece os recursos propios das mensaxes publicitarias e o seu emprego para a persuasión
LCLB1.1.6. Segue e interpreta instrucións orais.	Segue e interpreta instrucións orais respectando a súa xerarquía.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	Identifica os textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos orais. Explica que tipo de textos son as conversacións e os debates, e recoñece a súa estrutura.
LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	Realiza hipóteses e xuízos valorativos en textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.
LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Distingue a información principal da accesoria en textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.
LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.	Recoñece e explica aspectos concretos do contido de textos expositivos, instrutivos e argumentativos.
LCLB1.2.5. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	Emprega con autonomía dicionarios en formato papel ou dixital.
LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	Identifica a idea principal de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos orais. Emprega o vocabulario e as estruturas lingüísticas axeitadas na súa expresión oral.
LCLB1.3.1. escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos.	Escoita e comprende textos orais identificando o contido, as persoas que interveñen e a intención comunicativa.
LCLB1.3.2. Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional (cooperación, espontaneidade, economía e subxectividade) nas conversas espontáneas.	Recoñece a cooperación e a economía nas conversas espontáneas.
LCLB1.3.3. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate, coloquio ou conversa espontánea tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	Valora o respecto das normas de cortésia nos intercambios comunicativos orais.
LCLB1.3.4. Identifica o propósito, a tese e os argumentos das persoas participantes en debates, faladoiros e entrevistas procedentes dos medios de comunicación audiovisual, valorando de forma crítica aspectos concretos da súa forma e o seu contido.	Escoita e comprende os argumentos dos textos orais procedentes dos medios de comunicación, explicando e valorando de xeito crítico aspectos do seu contido.
LCLB1.3.5. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortésia que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	Participa en intercambios comunicativos orais respectando as normas de cortésia.
LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	Produce discursos orais coherentes, cohesionados e adaptados ao receptor. Realiza pequenas narracións e exposicións orais.
LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	Valora aspectos non verbais nos textos orais e emprégao nos seus.
LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	É capaz de autoavaliarse para mellorar a súa expresión oral.
LCLB1.5.1. Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta.	Desenvolve estratexias para avanzar no ámbito académico e nas relacións sociais a partir do coñecemento da lingua.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.	Ordena a súas ideas nas presentacións orais. Exprésase de maneira clara e correcta. Emprega materiais de apoio.
LCLB1.6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	Distingue entre textos orais espontáneos e planificados.
LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	Recoñece os rexistros da lingua e sabe empregar os rasgos lingüísticos do rexistro formal. Incorpora progresivamente nas súas intervencións un vocabulario amplo, culto e preciso.
LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	Pronuncia de xeito claro e comprensible, cunha velocidade e entoación apropiadas á finalidade da intervención.
LCLB1.6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.	Identifica a idea principal de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados orais. Emprega o vocabulario e as estruturas lingüísticas axeitadas na súa expresión oral.
LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).	Aplica os seus coñecementos sobre a coherencia e cohesión dos textos á súa expresión oral.
LCLB1.7.1. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	Respecta as normas de cortesía nos intercambios comunicativos orais.
LCLB1.7.2. Analiza criticamente debates e faladoiros procedentes dos medios de comunicación, recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando criticamente a súa forma e o seu contido.	Identifica as opinións nos debates. Distingue entre informacións e opinións en textos orais procedentes de medios de comunicación.
LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.	Respecta as normas de cortesía nos debates.
LCLB1.8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	Participa nalgunhas situacións comunicativas na aula: preséntase ante os seus compañeiros, participa na lectura de escenas teatrais...
<b>Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir</b>	
LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto.	Recoñece os diferentes tipos de texto segundo a forma do discurso, a intención do emisor e o ámbito de uso.
LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos.	Localiza a información explícita dun texto..
LCLB2.1.3. Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.	Identifica as ideas principais e secundarias de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, e explica como se relacionan entre elas.
LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste.	Explica o significado de frases dun texto demostrando unha comprensión global do mesmo.
LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.	Explica as afirmacións feitas nun texto e xustifícaaas ao relacionalas co contexto.
LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.	Incorpora progresivamente nos seus escritos un vocabulario amplo, culto e preciso.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.	Recoñece e analiza a estrutura dun texto identificando a tipoloxía textual (textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos, argumentativos e dialogados). Recoñece e explica as ideas principais e secundarias dun texto; identifica o tema, o destinatario e o propósito do texto.
LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica).	Distingue os xéneros xornalísticos informativos dos de opinión. Diferencia e coñece as características principais da noticia, do reportaxe e da crónica, e analiza a estrutura e o contido da noticia. Distingue entre editorial, artigo de opinión e crítica.
LCLB2.2.3. Comprende e explica os elementos verbais e os non verbais, e a intención comunicativa dun texto publicitario procedente dos medios de comunicación.	Valora aspectos non verbais nos textos publicitarios. Coñece os mecanismos de persuasión publicitaria.
LCLB2.2.4. Localiza informacións explícitas nun texto e relaciónaaas entre si e co contexto, secuênciaas e deduce informacións ou valoracións implícitas.	Localiza a información explícita dun texto. Relaciona a información explícita do texto coa implícita para explicar detalles do contido.
LCLB2.2.5. Interpreta o sentido de palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global.	Entende e explica o sentido das palabras a partir do uso que se fai delas nun texto baseándose nos seus coñecementos do léxico (latinismos, dobretes, arcaísmos, neoloxismos, locucións, frases feitas, homonimia, polisemia, sinonimia, antonimia, hiperonimia, hiponimia, significados denotativos e connotativos...).
LCLB2.2.6. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.	Entende esquemas e gráficas. Relaciona os elementos visuais co sentido dos textos.
LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	Identifica as opinións do autor ou dos personaxes dun texto e manifesta o seu acordó ou desacordo con ditas opinións.
LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	Responde preguntas sobre un texto interpretando o significado do mesmo.
LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.	Mostra unha actitude aberta ante a opinión doutras persoas sobre os textos lidos.
LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	Busca información na biblioteca e en Internet sobre diferentes aspectos dos temas tratados estudados.
LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.	Emprega autonomamente dicionarios en formato papel ou dixital.
LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	Localiza por si mesmo libros e vídeos nas bibliotecas físicas e dixitais.
LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.).	Realiza esquemas para establecer a estrutura de textos.
LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura.	Realiza guións previos á escritura.
LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Escribe textos con adecuación, coherencia e cohesión, identificando e sendo capaz de explicar os principais mecanismos de cohesión empregados. Mantén a corrección ortográfica, gramatical e léxica nos textos escritos.
LCLB2.5.4. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación).	Revisa os textos (puntuación, ortografía, gramática e presentación) e corríxeos.
LCLB2.5.5. Avalía, utilizando guías, a súa propia produción escrita e a dos/das seus/súas compañeiros/as.	Recoñece a claridade e orde das ideas, así como a corrección gramatical nos textos propios e alleos.
LCLB2.5.6. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita.	Redacta e reescribe textos adecuados ao contexto comunicativo, mellorando a produción escrita.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	Redacta correctamente algúns textos do ámbito persoal (correos persoais), educativo (exames, traballos), social (reclamacións) e laboral (currículum). Emprega o rexistro adecuado nos textos dos diferentes ámbitos
LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.	Recoñece as diferentes tipoloxías textuais (textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados) e redacta textos propios seguindo a súa estrutura e as principais características.
LCLB2.6.3. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos.	Coñece os diferentes tipos de conectores textuais e emprégaoos coa fin de crear textos cohesionados.
LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.	Resume textos empregando as súas propias palabras.
LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.	Realiza esquemas para establecer a estrutura de textos.
LCLB2.6.6. Explica por escrito o significado dos elementos visuais que poidan aparecer nos textos (gráficas, imaxes, etc.).	Entende esquemas e gráficas. Relaciona os elementos visuais co sentido dos textos.
LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.	Aprecia a escritura.
LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.	Recoñece os rexistros da lingua e sabe empregar os trazos lingüísticos do rexistro formal. Incorpora progresivamente nos seus escritos un vocabulario amplo, culto e preciso.
LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.	Aprecia a creatividade nos textos que le e incorpora nas súas producións escritas.
LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	Busca en Internet, coñece e utiliza ferramentas das TIC, le escritos alleos e escribe os seus propios valorando a importancia da escritura como ferramenta de aprendizaxe e como estímulo persoal.
<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>	
LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	Recoñece e indica as categorías gramaticais das palabras (substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e intexcección) e é consciente do valor expresivo de adxectivos, determinantes e pronomes nalgúns textos.
LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	Identifica as formas verbais empregadas nos textos e explica a súa función expresiva.
LCLB3.3.1. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos.	Identifica os constituintes das palabras (raíz, morfemas flexivos e derivativos). Recoñece os procedementos de derivación, composición e parasíntese.
LCLB3.3.2. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos.	Crea novas palabras mediante derivación, composición e parasíntese.
LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízaoos para deducir o significado de palabras descoñecidas.	Identifica palabras que proceden de termos latinos. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos, dobles, arcaísmos e neoloxismos.
LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.	Relaciona a forma de expresarse do autor dun texto coa súa intención comunicativa

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.	Entende e explica o sentido das palabras a partir do uso que se fai delas nun texto baseándose nos seus coñecementos do léxico (locucións, frases feitas, homonimia, polisemia, sinonimia, antonimia, hiperonimia, hiponimia, significados denotativos e connotativos, estereotipos, metáforas, metonimias, palabras tabú e eufemismos...).
LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.	Emprega con autonomía dicionarios e gramáticas en formato papel ou dixital.
LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.	Transforma oracións simples en oracións compostas. Localiza os enlaces nas oracións compostas e indica que clase de palabra é cada un. Recoñece, analiza e constrúe oracións compostas por coordinación, xustaposición e subordinación (substantiva, adxectiva e adverbial).
LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.	Identifica e analiza os distintos tipos de sintagma (nominal, preposicional, adxectivo, adverbial e verbal). Diferencia entre enunciados oracionais e non oracionais. Identifica o suxeito (deducindo os suxeitos tácitos e recoñecendo cando a oración non admite suxeito), o predicado (nominal e verbal) e os complementos oracionais. Recoñece e clasifica os complementos do verbo, e explica as súas funcións na oración. Recoñece oracións copulativas e predicativas, activas e pasivas; impersoais; transitivas e intransitivas; reflexivas, recíprocas e seudorreflexas.
LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.	Recoñece e constrúe oracións subordinadas dos diferentes tipos (substantivas, adxectivas e adverbiais) e identifica a súa función dentro da oración composta.
LCLB3.6.4. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	Identifica oracións simples e compostas dentro de textos da vida cotiá. Recoñece as modalidades oracionais nos textos.
LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	Mantén a corrección ortográfica, gramatical e léxica nos textos orais e escritos.
LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilizaas nas propias producións orais e escritas.	Identifica as características dos textos, recoñecendo a súa tipoloxía, e sinala a súa estrutura e finalidade. Identifica as clases de textos expositivos, a organización do seu contido e os recursos expositivos. Identifica o tema, a tese e os argumentos nos textos argumentativos e recoñece a súa estrutura.
LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	Relaciona os usos lingüísticos cos tipos de texto e as súas características.
LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresaíntes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	Identifica os rasgos lingüísticos dos textos expositivos. Identifica os rasgos lingüísticos dos textos argumentativos.
LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilizaos nas producións propias.	Recoñece a subxectividade dun autor nun texto.
LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	Recoñece a sinonimia e a hiperonimia como mecanismos de cohesión.
LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	Recoñece os diferentes tipos de conectores textuais e emprégaoos ao fin de crear textos cohesionados.
LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.	Recoñece a adecuación dun texto identificando o rexistro coloquial e formal.



Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplica nos seus discursos orais e escritos.	Utiliza o rexistro adecuado na produción dos seus textos.
LCLB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Emprega o castelán, o galego e outras linguas sen prexuízos culturais.
LCLB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Identifica similitudes e diferenzas morfolóxicas e sintácticas entre o castelán e o galego.
<b>Bloque 4. Educación literaria</b>	
LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.	Manifesta explicitamente a comprensión de obras literarias respondendo a preguntas concretas de forma lóxica.
LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	Le obras de literatura, resume o seu contido, reflexiona sobre diferentes aspectos do texto e explícaos realizando unha valoración.
LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	Desenvolve a súa sensibilidade artística e literaria como fonte de formación e enriquecemento cultural.
LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	Relaciona aspectos concretos das obras literarias coa música e o cine.
LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.	Recoñece a pervivencia de temas e tópicos literarios ao longo dos diversos períodos.
LCLB4.2.3. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.	Observa o tratamento dun mesmo tema en diferentes obras literarias tendo en conta o contexto histórico e cultural.
LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	Expresa o seu interese pola literatura a través de intercambios orais cos seus compañeiros.
LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	Traballa de forma grupal para identificar o tema e as ideas principais das obras lidas.
LCLB4.3.3. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	Le en voz alta con expresividade adecuada ao texto.
LCLB4.3.4. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.	Escenifica pequenos fragmentos dramáticos pronunciando adecuadamente.
LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	Le fragmentos de textos da narrativa, a lírica e o teatro desde o século XVIII ata a actualidade, identificando o tema e resumindo o contido. Aplica os seus coñecementos sobre a linguaxe e os recursos literarios ás lecturas.
LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	Recoñece e analiza en textos literarios, desde o século XVIII ata a actualidade, as características principais das correntes literarias, dos xéneros literarios característicos de cada período e da obra dos principais autores. Identifica e explica razoadamente temas e tópicos na literatura.

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.	Escribe textos inventados empregando a linguaxe cunha intención estética. Identifica os xéneros literarios e as características básicas de cada un, e emprégaa nos seus textos.
LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	Emprega adecuadamente as estruturas básicas dos xéneros literarios para expresar as súas ideas, sentimentos ou experiencias.
LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.	Nos seus traballos sobre contidos, literarios cita as fontes que emprega.
LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.	Realiza traballos académicos aportando conclusións e puntos de vista persoais.
LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	Realiza traballos académicos utilizando recursos variados das TIC e consultando en Internet.

## **ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

Realizaranse tres probas de avaliación da aprendizaxe do alumnado que teña pendente materia de cursos anteriores ao longo do curso. Ademais, haberá outra extraordinaria no mes de setembro. A coordinación e seguimento da avaliación das aprendizaxes do alumnado que teña materias pendentes será responsabilidade da persoa que exerza a xefatura do departamento.

De tódolos xeitos, para facilitar ao alumnado coa materia pendente a superación da mesma proporáselle un plan de traballo supervisado cunha periodicidade fixa polo profesor responsable da materia no curso de referencia. A presentación deste traballo e a realización correcta de, ao menos, un 80% das actividades terase en conta para a cualificación final.